



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 567
25 de novembro de 2019



CSV: BOPGDSPG4zFyu7lmw7

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

- Do G. P. Popular, 38 emendas (doc. núm. 58928). [186882](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia, 119 emendas (doc. núm. 58917). [186910](#)
- Do G. P. Grupo Común da Esquerda, 46 emendas (doc. núm. 58913). [186952](#)
- Do G. P. do BNG, 19 emendas (doc. núm. 58898). [186973](#)
- Do G.P. Mixto, 78 emendas (doc. núm. 58911). [186986](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Retirada iniciativa en comisión

I 50201 (10/PNC-004063)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas demandas da Comisión Baleeira Internacional e do Consello Internacional para a Explotación do Mar referidas á elaboración de estudos coordinados entre Galicia e Portugal que permitan coñecer a estrutura poboacional da toniña [186879](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 50139 (10/PNC-004061)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a defensa polo Goberno galego da necesidade de elaborar mecanismos de protección dos fondos mariños de Galicia, co fin de evitar a súa explotación incontrolada para a obtención de recursos mineiros que poidan poñer en risco a pesca e a sostibilidade medioambiental [186879](#)



I 55224 (10/PNC-004387)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o incremento das posibilidades de pesca do bonito e o alongamento da campaña desta especie, cando menos, ata o mes de setembro

[186880](#)**Rexeitamento da iniciativa****I 56730 (10/PNC-004499)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da Presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo, así como o inicio dos trámites para a declaración como ben de interese cultural, con categoría de sitio histórico, dos elementos do patrimonio histórico, industrial e etnográfico situados na enseada de San Simón, entre A Portela e Rande

[186880](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 22 de novembro de 2019, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que rematou ás 13.00 horas do 16 de novembro de 2019 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios Popular de Galicia, dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto que se indican a continuación:

- a) Documentos presentados polo G. P. Popular de Galicia
Documento co número de rexistro 58928.
- b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia
Documento co número de rexistro 58917.
- c) Documentos presentados polo G. P. Grupo Común da Esquerda
Documento co número de rexistro 58913.
- d) Documentos presentados polo G. P. do BNG
Documento co número de rexistro 58898.
- e) Documentos presentados polo G. P. Mixto
Documento co número de rexistro 58911.

Examínase o informe dos Servizos Xurídicos, favorable á admisión a trámite das emendas números 7, 14, 15, 23 e 24 e as correspondentes á exposición de motivos relacionadas con elas, que foron presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, e as números 20, 23, 28 e 38 formuladas polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, logo de efectuado o correspondente xuízo de congruencia, tendo presente a xurisprudencia constitucional referida ao dereito de emenda e aos criterios que poden empregarse nese xuízo, nomeadamente cando se trata de propostas lexislativas de contido heteroxéneo como son os proxectos de lei de medidas.

A Sra. presidenta considera que o dito criterio de congruencia é discutible, xa que hai emendas que modifican normas que non son obxecto de variación no proxecto de lei.

En consecuencia, a Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3 do Regulamento da Cámara, co voto favorable da Sra. vicepresidenta e do Sr. secretario, e co voto en contra da Sra. presidenta verbo das que considera incongruentes, adopta o seguinte ACORDO:



1º. Cualificalos como emendas ao articulado do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas co seguinte detalle:

- a) 38 emendas do G. P. Popular (doc. núm. 58928).
- b) 119 emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 58917).
- c) 46 emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 58913).
- d) 19 emendas do G. P. do BNG (doc. núm. 58898).
- e) 78 emendas do G.P. Mixto (doc. núm. 58911).

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 22 de novembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativa en comisión

- 50201 (10/PNC-004063)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas demandas da Comisión Baleeira Internacional e do Consello Internacional para a Explotación do Mar referidas á elaboración de estudos coordinados entre Galicia e Portugal que permitan coñecer a estrutura poboacional da toniña

BOPG nº 483, do 05.06.2019

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 50139 (10/PNC-004061)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula



Sobre a defensa polo Goberno galego da necesidade de elaborar mecanismos de protección dos fondos mariños de Galicia, co fin de evitar a súa explotación incontrolada para a obtención de recursos mineiros que poidan poñer en risco a pesca e a sostibilidade medioambiental
BOPG nº 483, do 05.06.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes e con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a defender a necesidade de elaborar mecanismos de protección dos fondos mariños de Galicia co obxectivo de evitar a súa explotación incontrolada para a obtención de recursos mineiros que poidan poñer en risco a nosa pesca e sustentabilidade medioambiental.»

- 55224 (10/PNC-004387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o incremento das posibilidades de pesca do bonito e o alongamento da campaña desta especie, cando menos, ata o mes de setembro

BOPG nº 533, do 18.09.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes e con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do goberno Central que:

— Utilice os datos nos que aprecia que o bonito se atopa en boa situación biolóxica para reivindicar un incremento das posibilidades de pesca para esta especie.

— Estude unha mellor xestión e repartición de cota que posibilite alongar a campaña de bonito, canto menos, ata o mes de setembro.»

Rexeitamento da iniciativa

- 56730 (10/PNC-004499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da Presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo, así como o inicio dos trámites para a declaración como ben de in-



terese cultural, con categoría de sitio histórico, dos elementos do patrimonio histórico, industrial e etnográfico situados na enseada de San Simón, entre A Portela e Rande
BOPG nº 544, do 09.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/000020).

Emenda nº1, ao apartado Catro, de Substitución. Artigo 1

Modifícase no artigo 1 o apartado Catro, no que se engade un número dezaioito ao artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Catro. Engádesse un número dezaioito coa seguinte redacción:

«Dezaioito. Dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares

1. Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica no exercicio no que se remate a obra de mellora de eficiencia enerxética dos inmobles de uso residencial vivenda:

- a) O 15% das cantidades totais investidas. A base da dedución terá como límite 9.000€ por suxeito pasivo.
- b) O custe dos honorarios para a obtención do certificado que xustifique o salto de letra na cualificación enerxética do inmovible, así como as taxas relacionadas coa súa inscrición no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, cun límite único de 150€ que será prorrateado en función á porcentaxe de titularidade da vivenda.

Para estes efectos, consideraranse obras de mellora de eficiencia enerxética as que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que dispoñan dos permisos, autorizacións ou títulos habilitantes correspondentes.
- b) Que melloren o comportamento enerxético das edificacións reducindo a demanda enerxética, mellorando o rendemento das instalacións térmicas e/ou incorporando equipos que utilicen fontes de enerxía renovable e que teñan por obxecto principal subir unha letra na escala de cualificación enerxética





de emisións de CO₂ e na escala de consumo de enerxía primaria non renovable.

2. En relación coa letra a) do número 1, a base desta dedución estará constituída polas cantidades efectivamente satisfeitas nas obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares, mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito. En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.

3. Para ter dereito a esta dedución deberá presentarse, antes de que expire o prazo para presentar a autoliquidación correspondente ao período impositivo no que se remate a obra de mellora enerxética obxecto de dedución, a través da plataforma electrónica do Rexistro de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Certificado de eficiencia enerxética do edificio, unha vez executadas as obras que dan lugar a esta dedución, que debe estar inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o procedemento establecido a tal fin.
- b) Informe asinado por técnico competente que xustifique o salto de letra conseguido coas melloras, segundo o modelo que conste no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia
- c) A totalidade das facturas correspondentes ás obra de mellora de eficiencia enerxética obxecto de dedución así como as relativas á obtención do certificado de eficiencia enerxética.
- d) Os xustificantes de pagamento destas facturas.

No caso de que o investimento se realice nunha vivenda unifamiliar, esta documentación será achegada polo suxeito pasivo. No caso de edificios en réxime de propiedade horizontal, será achegada polo representante legal da comunidade de propietarios que ademais deberá acompañar un certificado das achegas económicas correspondentes a cada comuneiro.

4. Para poder practicarse esta dedución deberá constar na declaración tributaria do suxeito pasivo o número de inscrición do certificado de eficiencia enerxética trala reforma no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, proporcionado polo propio Rexistro na etiqueta de eficiencia enerxética do inmovible.





5. A dedución prevista neste número é incompatible coa prevista por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinada exclusivamente ao autoconsumo”.

Emenda nº2, ao apartado Cinco, de Substitución. Artigo 1

Modifícase no artigo 1 o apartado Cinco, no que se engade un número dezanove ao artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Cinco. Engádesse un número dezanove coa seguinte redacción:

“Dezanove. Dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galicia

1.Cando o contribuínte integrara na base imponible xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das restantes entidades do sector público autonómico para o desenvolvemento da actividade deportiva, poderá aplicar unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas, sempre e cando a actividade deportiva non xere rendementos de actividades económicas.

O importe da dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable.

2. Para a aplicación desta dedución é requisito imprescindible que o contribuínte teña recoñecida a condición de deportista de alto nivel segundo resolución do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma con competencias en materia de deporte.”





Emenda nº3, ao apartado Vinte e tres, de Substitución. Artigo 4

Modifícase o apartado vinte e tres do número 2 do artigo 4, que queda redactado como segue:

“Vinte e tres. Modifícase a regra décimo primeira da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do Anexo 3, que queda redactada como segue:

“Décimo primeira.— As embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesións de construción e explotación, agás que no título concesionario se determine outra cousa, aboarán en todo caso o concepto A) da regra sexta e os demais sumandos B) e C) por aqueles servizos prestados en instalacións alleas á concesión. Para o seu aboamento o concesionario poderá optar:

a) Pola liquidación directa da tarifa polo organismo portuario ao suxeito pasivo baseándose na documentación que o concesionario entregará a Portos de Galicia, cos datos diarios precisos para que este poida liquidar a tarifa tanto ás embarcacións de paso como ás que teñen base na concesión, de acordo co procedemento e formato que Portos de Galicia determine. A domiciliación bancaria poderá ser exixida por Portos de Galicia se o considera conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.

b) Polo aboamento da tarifa, subrogándose na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso, o concesionario entregará a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida, consonte o procedemento e formato que sinale este organismo, cos datos necesarios para realizar a liquidación que practicará Portos de Galicia. Neste caso, Portos de Galicia poderá acordar unha redución de ata un 15 % da contía base da tarifa que lle corresponda, sendo esta redución dun 5 % se a relación de embarcacións de base declaradas é inferior a 100, do 10 % se está entre 100 e 200 e do 15 % se é superior a 200. Para as embarcacións en tránsito que ocupen prazas de uso público a redución na contía da tarifa base será do 5 %”

Emenda nº4, ao apartado Vinte e catro, de Substitución. Artigo 4





Modifícase o apartado vinte e catro do número 2 do artigo 4, que queda redactado como segue:

“Vinte e catro. Modifícase a regra décimo segunda da tarifa X-5 contida na sublínea 01 da alínea 99 do Anexo 3, que queda redactada como segue:

“Décimo segunda.- Nas instalacións deportivas construídas e xestionadas parcialmente por Portos de Galicia que sexan explotadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa, poderase aplicar unha redución na contía da tarifa base, previa petición do concesionario ou da persoa titular da autorización, ata do 21%. Esta redución será dun 12% se a relación de embarcacións de base declaradas é inferior a 100; do 15% se está entre 100 e 200 embarcacións; e do 21 % se é superior a 200 embarcacións, sempre que o xestor se subroga na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso, o xestor da instalación entregaralle a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida por este organismo, consonte o procedemento e formato que se determine.

Nas instalacións deportivas construídas e xestionadas parcialmente por Portos de Galicia que sexan explotadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa, que á entrada en vigor desta lei inclúsen nos pregos de condicións a redución da contía da tarifa X-5 de ata o 15%, por subrogarse nas obrigas de pagamentos dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións, aplicarase unha redución do 21%. Manterase esta redución mentres estea vixente ese título administrativo.”

Emenda nº5, ao apartado Vinte e seis, de Modificación. Artigo 4

Modifícase o apartado vinte e seis do número 2 do artigo 4, da seguinte maneira

Onde di:

“«6. Restantes servizos e actividades comerciais e industriais portuarias.»

Debe dicir:

“«6. Restantes actividades comerciais e industriais portuarias.»



Emenda nº6, ao apartado Catro, de Substitución. Artigo 7

Modifícase o número catro do artigo 7, que queda redactado como segue:

“Catro. Modifícase o número 1 da disposición adicional oitava para a creación das seguintes escalas:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de Protocolo e Relacións Institucionais		A1	<ul style="list-style-type: none"> - Organización de actos institucionais - Seguimento de actos institucionais - Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores. 	Licenciado ou graduado nunha titulación de calquera rama
Escala Superior de Orientación Laboral		A1	<ul style="list-style-type: none"> - Información sobre o mercado de traballo e sobre as medidas e servizos ofrecidos polos Servizos Públicos de Emprego. - Realización de accións formativas e informativas dirixidas aos colectivos de persoas desempregadas, particularmente aos de longa duración e ás persoas mozas non integradas nos sistemas de formación regrada. - Diagnose individualizada e titorización das persoas demandantes de emprego para medir o grao de empregabilidade. - Deseño e seguimento dos itinerarios individuais que faciliten a inclusión de accións para a mellora da empregabilidade. 	Licenciado ou graduado nunha titulación de calquera rama





			<ul style="list-style-type: none"> - Prospección das necesidades profesionais que requiren as empresas. - Promoción da formación do persoal demandante segundo as necesidades empresariais e facilitar a inserción laboral. - Información e xestión das ofertas de emprego axeitadas a cada persoa usuaria, potenciando a captación e a cobertura de ofertas a través dun sistema de intermediación transparente e eficaz. - Asesoramento e motivación ás persoas empregadas na procura de mellora do emprego, acorde ao seu perfil profesional e de competencias. - Coordinación e supervisión das anteditas funcións a nivel de oficina de emprego ou superior en relación aos contidos e tarefas de orientación laboral. - Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores. 	
--	--	--	--	--

Emenda nº7, de Adición. CAPÍTULO III

Dentro do capítulo III do título II, engádesse un novo artigo 9 bis co seguinte contido:

“Artigo 9 bis. Modificación da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia

Engádesse un novo artigo 9 bis á Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, coa seguinte redacción:



“Artigo 9 bis. Vixencia da declaración de impacto ambiental

Respecto da avaliación de impacto ambiental de competencia autonómica, a declaración de impacto ambiental do proxecto ou actividade perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no “Diario Oficial de Galicia”, non se comezase a execución do proxecto ou actividade no prazo de seis anos.””

Emenda nº8, de Adición. Artigo 12

Dentro do Capítulo III do Título II, engádese un novo artigo 12 bis co seguinte contido:

“Artigo 12 bis. Modificación do Decreto 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

Engádese unha nova Disposición transitoria única ao Decreto 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa seguinte redacción:

'Disposición transitoria única. Adaptación do planeamento.

O disposto neste decreto non será de aplicación obligatoria a aqueles instrumentos de planeamento urbanístico para os que se tivese formulado o informe ambiental estratéxico á data da súa entrada en vigor.””

Emenda nº9, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 15

Modifícase o apartado Dous do artigo 15 da seguinte maneira:

No segundo parágrafo do número 1 do artigo 21 quater

Onde di :

“Sen prexuízo do anterior, a Administración xeral do Estado, as deputacións provinciais, ou calquera outra administración ou



entidade do sector público delas dependentes, poderán, no seu caso, participar no sistema público de xestión da biomasa mediante número seguinte. Neste suposto, o convenio.....”

Debe dicir:

“Sen prexuízo do anterior, a Administración xeral do Estado, as deputacións provinciais, ou calquera outra administración ou entidade do sector público delas dependentes, poderán, no seu caso, participar no sistema público de xestión da biomasa mediante a sinatura do convenio de colaboración ao que se refire o número seguinte. Neste suposto, o convenio.....”

Emenda nº10, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 15

Engádese un novo apartado Tres ao artigo 15, co seguinte contido:

“Tres. Suprímese o artigo 22 bis.”

Emenda nº11, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 16

Modifícase o apartado Dous do artigo 16 da seguinte maneira:

No primeiro parágrafo do número 1 do artigo 47 ter

Onde di:

“faixas secundarias de protección de biomasa.”

Debe dicir:

“faixas secundarias de xestión de biomasa.”

Emenda nº12, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 16

Modifícase o apartado Dous do artigo 16 da seguinte maneira:

Na letra a) do número 4 do artigo 47 ter débense substituír os termos 'franxas' e 'franza' por 'faixas' e 'faixa', respectivamente.



Emenda nº13, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 16

Modifícase o apartado Dous do artigo 16 da seguinte maneira:

O apartado 11 do novo artigo 47 ter debe quedar redactado do seguinte xeito:

"11. A aprobación do proxecto determinará a asunción por parte da Administración autonómica da limpeza dos terreos dos titulares incluídos no perímetro do proxecto que asuman o compromiso de incorporación os terreos ao Banco de Terras durante o prazo de cinco anos.

Así mesmo, a aprobación do proxecto determinará a aplicación aos terreos das faixas secundarias de xestión da biomasa da «aldea modelo» que non estean incluídos no perímetro do proxecto ou que, incluídos nel, non se incorporen ao Banco de Terras, do sistema público de xestión da biomasa definido no artigo 21 quater da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Nestes casos, se os titulares dos terreos aceptan a súa incorporación ao indicado sistema, aplicarase pola administración autonómica a tarifa correspondente durante o prazo de duración do dito sistema."

Emenda nº14, de Adición. Artigo 16

Dentro do capítulo IV do título II, engádese un novo artigo 16 bis, co seguinte contido:

“Artigo 16 bis. Modificación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

Engádese unha disposición adicional quinta á Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional quinta. Vixencia da declaración de impacto ambiental no marco dos procesos de reestruturación parcelaria



A declaración de impacto ambiental dos proxectos de concentración parcelaria no marco dos procesos de reestruturación parcelaria, perderá a súa vixencia e cesará a produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no Diario Oficial de Galicia, non tivera comezado a execución do proxecto no prazo de seis anos.””

Emenda nº15, de Adición. CAPÍTULO V

Dentro do capítulo V do título II, engádese un novo artigo 16 ter, co seguinte contido:

“Artigo 16 ter. Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia

Modifícase a táboa (i) Bacteriolóxicos do Anexo II da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que queda redactada como segue:

(i) Bacteriolóxicos

Parámetros	Unidade	Valor	Observacións
Escherichia Coli	ufc/100 ml	100	90% mostras
Enterococos Intestinais	ufc/100 ml	100	90% mostras “

Emenda nº16, ao apartado Seis bis), de Adición. Artigo 17

Engádese un novo apartado Seis bis no artigo 17, co seguinte contido:

“Seis bis. Modifícase o número 1 do artigo 51 que queda redactado como segue:

“1. Os servizos de arrendamento de vehículos con condutor deberán contratarse cunha antelación mínima de quince minutos á súa prestación. No caso de que as empresas prestadoras do servizo recoñezan á persoa consumidora ou usuaria un período de tempo para exercer o dereito de cancelación ou desistencia, este considerarase incluído no intervalo mínimo sinalado.





O dito período temporal mínimo de precontratación non será de aplicación na contratación da prestación de servizos de transporte público regular.””

Emenda nº17, ao apartado Seis ter), de Adición. Artigo 17

Engádese un novo apartado Seis ter no artigo 17, co seguinte contido:

“Seis ter. Modifícase o número 3 do artigo 51 que queda redactado como segue:

“3. Para que produza efectos fronte á Administración, a contratación de servizos de arrendamento de vehículos con condutor deberá formalizarse en soporte papel ou electrónico, co contido e requisitos que regulamentariamente se establezan.

Durante a prestación do servizo deberá levarse a bordo do vehículo copia do correspondente contrato, ou dispoñer dos medios que permitan acreditar a súa celebración por medios electrónicos e a remisión da información correspondente ao dito servizo a través das aplicacións oficiais de comunicación deste tipo de contratos que en cada caso estableza a normativa aplicable. En ámbolos dous casos, da correspondente documentación deberá constatarase o contido mínimo esixido e o tempo transcorrido entre a reserva do servizo e o inicio da súa prestación.””

Emenda nº18, de Modificación. Artigo 22

Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 22, da seguinte maneira:

Onde di:

“Modifícase o artigo 5 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, que queda coa seguinte redacción:“

Debe dicir:





“O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 5, que queda coa seguinte redacción:”

Emenda nº19, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 22

Engádese un apartado Dous no artigo 22 co seguinte contido:

“Dous. Modifícase o número 4 do artigo 32, que queda coa seguinte redacción:

“4. Os informes técnicos que se emitan durante a tramitación deste procedemento, determinarán o cumprimento dos requisitos específicos exixidos pola normativa sectorial aplicable á tipoloxía do centro ou programa de que se trate.””

Emenda nº20, de Substitución. Artigo 30

O contido do artigo 30 pasa a quedar redactado como segue:

"A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. A letra k) do artigo 4 queda coa seguinte redacción:

«k) A promoción e sinalización dos Camiños de Santiago, así como a súa conservación e mantemento en colaboración con outras administracións públicas.

Os actos relacionados coa sinalización, así como a conservación e mantemento da traza dos Camiños de Santiago que promova a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán suxeitos a control municipal por medio de comunicación previa, sendo necesaria en todos os casos a autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, contando co informe vinculante previo da entidade pública instrumental con competencias en turismo.”

“Dous. Modifícase o artigo 65 bis que queda coa seguinte redacción:





“Artigo 65 bis. Vivendas de uso turístico

1. Terán a consideración de vivendas de uso turístico as cedidas a terceiras persoas cunha finalidade turística. A estes efectos, entenderase que existe finalidade turística cando a cesión se realice de maneira reiterada e a cambio de contraprestación económica, para unha estancia de curta duración. Constitúen estancias de curta duración aquelas nas que a cesión de uso é inferior a trinta días consecutivos. Considerarase cesión reiterada cando a vivenda se ceda dúas ou máis veces dentro do período de un ano.

2. A comercialización das vivendas de uso turístico previstas no número 1 deberá consistir na cesión temporal do uso e disfrute da totalidade da vivenda, non podendo formalizarse contratos por habitacións nin coincidir dentro da vivenda persoas usuarias que formalicen diferentes contratos. Ademais, as vivendas deberán estar amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria.

As vivendas de uso turístico poderán ser comercializadas, ademais de polas empresas turísticas reguladas no artigo 33.1, polos seus propietarios ou pola persoa física ou xurídica que os represente. Neste último suposto, e sen prexuízo da consideración da vivenda como aloxamento turístico, non se aplicará o disposto no artigo 33.2.

3. As persoas propietarias e/ou comercializadoras quedarán obrigadas fronte á Administración turística ao cumprimento das obrigas impostas na presente lei e normas que a desenvolven, respondendo de maneira solidaria fronte a aquela, incluída a obriga de subscribir e manter vixentes os seguros de responsabilidade civil para estas vivendas.

Así mesmo, as empresas turísticas ou as persoas propietarias que comercialicen as vivendas de uso turístico deberán proporcionar, cunha periodicidade trimestral, á entidade pública instrumental competente en materia de turismo os datos de ocupación das vivendas de uso turístico.

4. As vivendas de uso turístico requiren da correspondente declaración previa de inicio de actividade ante a Administración turística.

5. En toda publicidade ou actuación de promoción que se realice, por calquera medio ou canle, deberá figurar o código



de inscrición correspondente no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de non dispoñer del, o código acreditativo da presentación da declaración responsable que se facilite pola Administración.

6. As cesións temporais do uso e desfrute de vivendas que non cumpran os requisitos establecidos no número 1 deste artigo non terán a consideración de servizos ou actividades turísticas, de acordo co establecido no número 2 do artigo 21 desta lei, polo que quedan fóra do seu ámbito de aplicación.

De acordo con iso, en garantía e protección dos dereitos das usuarias e usuarios turísticos, estas cesións non poderán promocionarse, comercializarse nin publicitarse en canles de oferta turística ou por calquera outro modo de comercialización, promoción ou publicidade como servizos ou actividades turísticas ou de tal forma que creen confusión con estes servizos ou actividades. A estes efectos entenderase que se crea confusión cando se utilicen canles de oferta turística sen advertencia expresa de que o aloxamento non ten a consideración dun servizo ou actividade turística nin, por tanto, está regulado pola normativa sectorial en materia de turismo nin amparado pola administración turística.

A contravención da prohibición prevista neste número será subsumible na infracción tipificada no artigo 110.15.””

Emenda nº21, de Substitución. Artigo 34

O contido do artigo 30 pasa a quedar redactado como segue:

“A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un novo parágrafo no número 5 do artigo 125, co seguinte contido:

“A Consellería competente en materia de sanidade adoptará as medidas necesarias para cumprir co mandato da normativa estatal de disposición do Sistema público sanitario de Galicia para a súa utilización na docencia especializada dos profesionais. Entre tales medidas, poderá incluír a relativa a que en cada centro docente acreditado, existan postos para cuxa cobertura se requira a correspondente acreditación como titor de formación sanitaria especializada, sen prexuízo da



posibilidade de que calquera profesional dos citados centros poida acceder ás funcións de titoría de acordo coa normativa aplicable.”

Dous. Engádesse unha disposición adicional única co seguinte contido:

«Disposición adicional única. Sistema integrado de información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia

1. A consellaría competente en materia de sanidade porá en marcha un Sistema integrado de información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia que dea cobertura a todos os centros que o compoñen, coa finalidade de aproveitar as sinerxías en investigación clínica e facilitar e fomentar a incorporación de terapias innovadoras en fases temperás de desenvolvemento.

2. Na implantación deste sistema adoptaranse todas as medidas tecnolóxicas, organizativas e de seguridade que sexan necesarias para garantir o cumprimento da lexislación sectorial específica e sobre protección de datos, así como para mellorar a coordinación das actuacións desenvolvidas na xestión das actividades de investigación e proporcionar maior valor aos seus resultados.

Dentro destas medidas, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde promoverá o traballo en rede que facilite a xestión dos distintos tipos de estudos de investigación e a colaboración e a coordinación entre os distintos centros, entidades e servizos sanitarios. Para iso, aprobará modelos de contratos para a realización dos ensaios clínicos e recomendacións e instrucións para a realización dos devanditos estudos de investigación no Sistema Público de Saúde de Galicia.

3. A consellaría competente en materia de sanidade, como responsable do tratamento dos datos dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia, incluírá no rexistro de actividades de tratamento efectuadas baixo a súa responsabilidade a información sobre os tratamentos de datos con fins de investigación en saúde e, en particular, con fins de investigación biomédica, conforme o previsto no artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos



persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE. Así mesmo, aprobará modelos de contrato de encargado de tratamento de datos para a súa utilización dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia.

A consellaría competente en materia de sanidade incluírá no alcance da súa análise e xestión dos riscos do tratamento de datos os estudos de investigación con datos de saúde realizados dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia e realizará unha avaliación de impacto relativa á protección dos datos que abarque todos os anteditos estudos de investigación.

Así mesmo, calquera estudo de investigación con datos de saúde que se realice no Sistema Público de Saúde de Galicia requirirá a valoración previa por parte da consellería competente en materia de sanidade, como responsable do tratamento, sobre a existencia de base lexítima para o tratamento.

4. Coa finalidade de mellorar a calidade e adecuación dos datos xerados nas actividades de investigación e axilizar a participación do Sistema Público de Saúde de Galicia na investigación, desenvolvemento e innovación en medicamentos, dispositivos ou outras tecnoloxías obxecto da investigación, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde poderá impulsar a realización de diálogos temperáns, de acordo coa normativa aplicable e co obxectivo de proporcionar un asesoramento científico prospectivo e oportuno antes do inicio dos ensaios clínicos.

5. A consellaría competente en materia de sanidade creará un rexistro autonómico de xestión dos consentimentos recollidos na disposición adicional décimo sétima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Neste rexistro recolleranse de xeito coherente e unificado os ditos consentimentos, garantindo o máximo respecto aos dereitos recoñecidos no tratamento de datos relativos ás persoas físicas no marco dos proxectos de investigación en saúde.

Este rexistro estará conectado co Sistema integrado de Información da Investigación Clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia e coa Historia Clínica Electrónica.»

Emenda nº22, ao apartado Un, de Substitución. Artigo 36



Modifícase o apartado Un do artigo 36, que queda redactado como segue:

“Un. A letra b) do número 1 do artigo 5 queda redactada nos seguintes termos:

“b) Formular a política deportiva autonómica, definir e fixar as directrices e programas de fomento e desenvolvemento do deporte galego nos seus diferentes niveis, así como planificar e organizar o sistema deportivo de Galicia.

Así mesmo formular políticas transversais de fomento da actividade física mediante a planificación estratéxica e a colaboración e coordinación da información e das actuacións desenvolvidas nos ámbitos competenciais con incidencia nos hábitos de vida saudable, incluíndo o establecemento de mecanismos que permitan facer un seguimento da condición física da poboación en xeral.”

Emenda nº23, de Adición. Disposición transitoria única

Engádese unha nova disposición transitoria, que queda redactada como segue:

“Disposición transitoria bis. Aplicación do réxime de vixencia da declaración de impacto ambiental

O réxime de vixencia da declaración de impacto ambiental contido no novo artigo 9 bis da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, será de aplicación ás declaracións de impacto ambiental de competencia autonómica que se publiquen no Diario Oficial de Galicia con posterioridade á entrada en vigor da presente lei así como a aquelas publicadas con posterioridade á entrada en vigor da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, cuxos efectos non tivesen cesado antes da entrada en vigor da presente lei.”

Emenda nº24, de Adición. Disposición transitoria única

Engádese unha nova disposición transitoria, que queda redactada como segue:



“Disposición transitoria ter. Aplicación do réxime de vixencia da declaración de impacto ambiental no marco dos procesos de reestruturación parcelaria

O réxime de vixencia da declaración de impacto ambiental contido na nova disposición adicional quinta da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, será de aplicación ás declaracións de impacto ambiental dos proxectos de concentración parcelaria no marco dos procesos de reestruturación parcelaria que se publiquen no Diario Oficial de Galicia con posterioridade á entrada en vigor da presente lei, así como a aquelas publicadas con posterioridade á entrada en vigor da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, cuxos efectos non tivesen cesado antes da entrada en vigor da presente lei.”

Emenda nº25, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Modifícase a Disposición derradeira primeira, que queda redactada como segue:

“As previsións do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, do Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, e do Decreto 92/2019, do 11 de xullo, que son obxecto de modificación pola presente lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.”

Emenda nº26, de Adición. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Engádese un parágrafo décimo terceiro bis na parte II da exposición de motivos, que queda redactado como segue:

“O capítulo III introduce, en primeiro lugar, unha modificación da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. Entre as medidas que xa se teñen incorporadas na Administración autonómica dirixidas á racionalización de procedementos, hai que engadir a ampliación do prazo de vixencia, de catro a seis anos, das declaracións de impacto ambiental. Esta ampliación impleméntase co obxecto de acadar os obxectivos da avaliación do impacto ordinaria ao mesmo





tempo que se garanta a adecuada prevención e no seu caso, corrección, dos impactos derivados da análise técnica dos expedientes, sen o freo que pode supoñer a realización dunha nova avaliación que non derive nun resultado diferente do finalizado en primeiro termo e que suporía un atranco na tramitación dos expedientes e, por demais, nas iniciativas dos distintos sectores produtivos galegos. Ademais, a Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, de ámbito estatal, conseguiu unha regulación mais eficaz do proceso de avaliación de impacto ambiental, adaptando as diversas etapas das que consta este proceso aos principios comunitarios de “mellor lexislación” e de redución de cargas administrativas para os cidadáns, garantido a mellora da protección do medio ambiente, da saúde humana, velando polo mantemento da diversidade de especies e a conservación da capacidade de reprodución do ecosistema como recurso fundamental da vida e o aumento da eficiencia no uso dos recursos naturais, mediante un sistema de toma de decisións sobre investimentos, tanto públicos como privados mais previsible e sostible a longo prazo. Esta regulación supón un reforzo das avaliacións de impacto ambiental, prestando mais atención a determinadas áreas como a eficiencia dos recursos, o cambio climático e a prevención de riscos que, agora, se reflexan mellor no proceso de avaliación. Esta circunstancia posibilita a ampliación do prazo de vixencia das declaracións de impacto ambiental, de modo que se poida acadar o desenvolvemento produtivo e económico da comunidade autónoma conxunta e paralelamente coa garantía da preservación do medio ambiente.”

Emenda nº27, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase o parágrafo décimo cuarto da parte II da exposición de motivos, que queda redactado como segue:

“O capítulo III tamén contempla outras medidas en materia de medio ambiente e territorio. Así, por unha banda, modifícase puntualmente a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, co fin de ampliar o ámbito de actuación dos plans de acción da paisaxe.”





Emenda nº28, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase o parágrafo décimo sexto da parte II da exposición de motivos, que queda redactado como segue:

"Modifícanse a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e os seus desenvolvementos coas seguintes finalidades: a) facer extensible ao solo urbano non consolidado e ao solo urbanizable a posibilidade de cumprir o deber de cesión mediante a substitución da entrega de solo polo seu valor en metálico; b) definir o solo rústico de protección de espazos naturais tendo en conta a regulación contida na recente Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia; c) realizar axustes puntuais na regulación das condicións xerais das edificacións no solo rústico co fin de evitar dúbidas na interpretación e aplicación da lei e do seu regulamento de desenvolvemento; d) recuperar e poñer en valor as edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo rústico e no solo de núcleo rural; e) clarificar a regulación da tramitación dos expedientes de delimitación do solo de núcleo rural; f) reforzar a seguridade xurídica e dotar de maior estabilidade o tráfico inmobiliario, clarexando o réxime xurídico vixente para as edificacións que se atopan en situación de fóra de ordenación e aquelas preexistentes á aprobación definitiva do planeamento que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, así como aquelas para as cales xa transcorresen os prazos para a adopción de medidas de restauración da legalidade urbanística; e g) garantir a seguridade xurídica clarexando determinadas previsións do réxime transitorio da lei e dun dos seus decretos de desenvolvemento."

Emenda nº29, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase o parágrafo décimo noveno da parte II da exposición de motivos, que queda redactado como segue:

"O capítulo IV recolle medidas en materia de medio rural que atinxen a tres textos legais."

Emenda nº30, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





Modifícase o parágrafo vixésimo da parte II da exposición de motivos, que queda redactado como segue:

“Por unha banda, modifícase a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, coa finalidade de incidir na cooperación e colaboración entre Administracións contra os incendios forestais, como servizo de interese xeral, e establecer a nivel legal un sistema público de xestión da biomasa que garanta a máis eficaz e eficiente actuación das administracións públicas competentes na materia de prevención de incendios forestais, de cara a protexer a seguridade das persoas e os bens.”

Emenda nº31, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase o parágrafo vixésimo primeiro da parte II da exposición de motivos da seguinte maneira:

Onde di:

“....., é obxecto de modificación da Lei 6/2011, do 13 de outubro,.....”

Debe dicir:

“.....é obxecto de modificación a Lei 6/2011, do 13 de outubro,.....”

Emenda nº32, de Adición. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Engádese un parágrafo vixésimo primeiro bis na parte II da exposición de motivos, que queda redactado como segue:

"Introdúcese una nova disposición adicional na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, co fin de ampliar o prazo de vixencia da declaración de impacto ambiental dos proxectos de concentración parcelaria, habida conta da especificidade dos procesos de reestruturación parcelaria que abordan as deficiencias estruturais das explotacións agrarias na procura da súa viabilidade técnico-económica, resultando, non obstante, dilatados temporalmente dada a súa complexidade procedimental, que en Galicia, se cabe, complexízase aínda máis ao acusarse unha alta



fragmentación da propiedade, que dificulta notablemente o avance nos ditos procesos de mellora da estrutura territorial.”

Emenda nº33, de Adición. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Engádesse un parágrafo vixésimo primeiro ter da parte II da exposición de motivos, que queda redactado como segue:

“No capítulo V, sobre infraestruturas e mobilidade, en primeiro lugar, modifícanse os parámetros bacteriolóxicos referidos aos obxectivos de calidade das augas das rías de Galicia, recollidos na táboa primeira do anexo II da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, co fin de que sexan coherentes co previsto no anexo I do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, norma que vén incorporar ao ordenamento xurídico español ás previsións contidas na Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño. Deste xeito, quedan establecidos uns valores comparables con independencia da normativa que se trate de aplicar.”

Emenda nº34, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase o parágrafo vixésimo segundo da parte II da exposición de motivos da seguinte maneira:

“Neste capítulo V modifícase tamén a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, coa finalidade fundamental de regular os supostos nos que as tarifas dos servizos de taxi terán o carácter de máximas e de prever o réxime aplicable en tales casos co fin de dotar de maior flexibilidade ao exercicio da actividade á vez que queden garantidos os dereitos das persoas usuarias. Ademais, se introducen modificacións puntuais respecto dos requisitos esixibles ás persoas condutoras, co fin de incluír o réxime de autónomo colaborador, e á capacidade dos vehículos, co obxectivo de avanzar cara a universalización do servizo de taxi e a súa prestación de xeito non discriminatorio. Do mesmo xeito, contéplase unha previsión en liña coa recente modificación do artigo 107.3 do Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres, aprobado polo Real



decreto 1211/1990, do 28 de setembro. Finalmente, na liña avalada polo Tribunal Supremo, a prestación de servizos de transporte público en vehículos de turismo mediante arrendamento de vehículos con condutor require dunha contratación previa por parte das persoas usuarias, sendo necesario fixar legalmente a antelación mínima que debe darse entre a contratación previa do servizo e a súa prestación material por parte da empresa, a fin, precisamente, de garantir que a dita contratación é anterior a esta última, e regular tamén a forma na que debe deixarse constancia da contratación dos servizos e, concretamente, do intervalo temporal transcorrido entre a contratación e a prestación do servizo; constancia que resulta esencial para o necesario seguimento do seu cumprimento."

Emenda nº35, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase o parágrafo trixésimo da parte II da exposición de motivos da seguinte maneira:

“b) No Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, se realizan, en primeiro lugar, as adaptacións necesarias para a tramitación electrónica dos procedementos, e, en segundo lugar, trátase de cinguir o ámbito de supervisión dos informes técnicos que se emitan nos procedementos de autorización dos centros e programas de servizos sociais á verificación do cumprimento dos requisitos específicos esixidos pola normativa de aplicación segundo a tipoloxía do centro ou programa de que se trate.”

Emenda nº36, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase o parágrafo trixésimo sétimo da parte II da exposición de motivos da seguinte maneira:

“O capítulo IX inclúe medidas en materia de cultura e turismo con dous obxectivos fundamentais. Por unha banda, unha mellor ordenación da sinalización dos camiños de Santiago e, por outra, para o establecemento dunha regulación das vivendas de uso turístico acorde e coherente co modelo turístico de excelencia, calidade, sustentabilidade e de garantía dos dereitos das persoas usuarias turísticas previsto na Lei





7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, e á vez respectuosa cos principios de necesidade e de proporcionalidade esixidos pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e pola Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

Así, é necesario velar por unha prestación de servizos turísticos que garanta a axeitada protección dos dereitos das persoas usuarias dos ditos servizos, nos termos dos artigos 11 e seguintes da Lei 7/2011, do 27 de outubro, e que evite erros e confusións respecto dos servizos amparados pola normativa turística que atenten contra tales dereitos e contra a boa fe nas transaccións comerciais. Ademais, a procura dun desenvolvemento turístico sostible, a busca da excelencia e da calidade turísticas e o desenvolvemento dos valores propios da cultura e da identidade galega a través do turismo constitúen obxectivos de política social e cultural que, xunto coa protección do contorno urbano, demandan medidas tendentes a evitar un modelo turístico desordenado que poida afectar á súa sustentabilidade e á convivencia, en contraposición ao mandato establecido no artigo 20 da dita lei dunha ordenación racional, equilibrada e sostible dos recursos turísticos, e que non responda aos obxectivos mencionados. Concorren, pois, varias razóns imperiosas de interese xeral que xustifican a modificación da regulación sobre as vivendas de uso turístico contida no artigo 65 bis daquel texto legal.

Neste sentido procede salientar que a competencia autonómica en materia de ordenación do turismo esixe definir os distintos tipos de establecementos e aloxamentos turísticos e establecer os requisitos para cada un deles. Sobre esta base, en relación coas vivendas de uso turístico, claréxase que só terán esa condición aquelas que sexan obxecto de cesión cunha finalidade turística, entendendo que tal finalidade existe cando a cesión se realice de maneira reiterada e a cambio de contraprestación económica, para unha estancia de curta duración, mantendo o concepto de estancia de curta duración xa recollido na redacción anterior do precepto e incorporando no texto legal o que ha de entenderse por reiteración.

En aras da atención ás razóns imperiosas de interese xeral apuntadas, as vivendas de uso turístico así definidas, ao igual que as vivendas turísticas, deberán cederse na súa totalidade ás persoas usuarias turísticas e deberán estar debidamente equipadas. Cómpre advertir de que a cesión por estancias é propia doutros tipos de establecementos de aloxamento





turístico previstos na Lei 7/2011, do 27 de outubro (como as pensións), todo iso sen prexuízo da posibilidade de que a cesión por estancias dunha vivenda poida desenvolverse, se ben como actividade non turística, con suxeición á normativa que, segundo as circunstancias, resulte aplicable, que xa non será a normativa en materia de turismo. Precisamente porque en tales casos non se estará ante aloxamentos turísticos nin ante a prestación de servizos turísticos amparados pola normativa sectorial en materia de turismo, e en garantía e protección dos dereitos das usuarias e usuarios turísticos, estas cesións non poderán promocionarse, comercializarse nin publicitarse en canles de oferta turística ou por calquera outro modo de comercialización, promoción ou publicidade como servizos ou actividades turísticas ou de tal forma que creen confusión con estes servizos ou actividades. A estes efectos se establece expresamente que se crea confusión cando se utilicen canles de oferta turística sen advertencia expresa de que o aloxamento non ten a consideración dun servizo ou actividade turística nin, por tanto, está regulado pola normativa sectorial en materia de turismo nin amparado pola administración turística.

Polo demais, mantense a previsión de posible comercialización das vivendas de uso turístico tanto polas empresas turísticas como polas persoas propietarias e se engaden dúas medidas. Por unha banda, imponse a obriga de subministración periódica de información sobre os datos de ocupación das vivendas de uso turístico aos ser os únicos aloxamentos turísticos previstos na Lei 7/2011, do 27 de outubro, respecto dos que a Administración non dispón de tales datos, que son necesarios para o cumprimento das súas funcións, esencialmente as relacionadas co deseño de políticas e medidas en materia turística na procura dunha ordenación racional, equilibrada e sostible dos recursos turísticos, coa formulación de estatísticas ou co desenvolvemento do labor inspector.

Por outra banda, imponse a obriga de que en toda publicidade ou actuación de promoción de vivendas de uso turístico que se realice, por calquera medio ou canle, deberá figurar o código de inscrición correspondente no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de non dispoñer del, o código acreditativo da presentación da declaración responsable que se facilite pola Administración. Todo iso como medida adecuada e proporcional na procura da garantía e protección das persoas usuarias turísticas, que deste modo terán coñecemento de que se trata de servizos



turísticos desenvolvidos ao abeiro do correspondente título habilitante, á vez que como medida que facilite o control.

A regulación responde así aos principios de necesidade e de proporcionalidade, impoñendo os requisitos necesarios para garantir a prestación de servizos de aloxamento turístico desde uns mínimos tendentes a protexer os lexítimos dereitos das persoas usuarias dos servizos turísticos e as restantes razóns de interese xeral antes apuntadas.”

Emenda nº37, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase o parágrafo trixésimo noveno da parte II da exposición de motivos da seguinte maneira:

”No capítulo XI modifícase a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Por unha banda para reforzar a estabilidade da actividade docente a través da garantía de que determinados postos sexan cubertos por profesionais sanitarios que contén coa acreditación de titor imprescindible para o exercicio da actividade docente, asegurando que os centros docentes acreditados contén cos titores suficientes para garantir a formación dos residentes. Por outra banda, para introducir nela unha nova disposición adicional reguladora dun Sistema integrado de información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia, que dea cobertura a todos os centros que o compoñen para aproveitar ao máximo as sinerxías en investigación clínica e atraer terapias innovadoras en fases temperás de desenvolvemento, e respecto da cal se adoptarán un conxunto de medidas organizativas, tecnolóxicas e de seguridade dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia. Así mesmo, incorpóranse determinados aspectos organizativos exixidos pola normativa de protección de datos no ámbito da investigación con datos de saúde de conformidade co Regulamento xeral de protección de datos e coa normativa estatal en materia de protección de datos.”

Emenda nº38, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase o parágrafo cuadraxésimo sétimo da parte II da exposición de motivos da seguinte maneira:





“O réxime transitorio vai dirixido a recoller as previsións para a posta en marcha do novo réxime introducido na modalidade de carga contaminante no canon de auga e no coeficiente de vertedura así como a precisar a aplicación do réxime de vixencia das declaracións de impacto ambiental introducido pola presente lei.”

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2019 12:26:54



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS
E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/000020).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo parágrafo *ab initio*, que terá o seguinte contido:

“Modifícase a táboa do artigo 4 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, quedando da seguinte forma:

Base liquidable ata euros	liquidable euros	Cota Tipo aplicable	integrada euros	Resto base ata
		Porcentaxe		
0		0		
	12.450,00		9,50 %	
	12.450,00	1.182,75		
	7.750,00		11,75 %	
	20.200,00	2.093,38		
	7.500,00		15,50 %	
	27.700,00		3.255,88	
	7.500,00		17,00 %	
	35.200,00	4.530,88		
	12.400,00		18,50 %	
	47.600,00		6.824,88	
	12.400,00		21,00 %	
	60.000,00		9.428,88	
	40.000,00		23,50 %	
	100.000,00	18.828,88		En
	adiante		25,00 %	



Emenda nº2, ao apartado Un.a), de Adición. Artigo 1

Na letra a) do punto Un deste artigo, débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

"A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo polo menos na contía do investimento realizado."

Emenda nº3, ao apartado Dous.a), de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo parágrafo despois da letra a) do punto Dous, que terá o seguinte contido:

"A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo, polo menos, na contía do investimento realizado."

Emenda nº4, ao apartado Tres.a), de Adición. Artigo 1

Na letra a) do punto Tres deste artigo, débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao comezo del, polo menos, na contía do investimento realizado."

Emenda nº5, ao apartado Catro.1, de Modificación. Artigo 1

No número 1, do punto Catro, onde di: "... de uso residencial vivenda ...", debe dicir: "... de uso residencial vivenda habitual ..."

Emenda nº6, ao apartado Catro.a), de Adición. Artigo 1





Na letra a), do número 1, do punto Catro, onde di: "... suxeito pasivo.", debe dicir: "... por declaración."

Emenda nº7, ao apartado Catro.3, de Adición. Artigo 1

No punto Catro, número 3, letra a), débese engadir na primeira liña despois de: "... enerxética do edificio, ..." a seguinte expresión: "... ou vivenda familiar, ..."

Emenda nº8, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 1

No punto Catro deste artigo, débese engadir un novo número 5 bis, que terá o seguinte contido:

"5 bis. A aplicación da dedución por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares, sempre que constitúan a vivenda habitual, requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao comezo, polo menos, na contía do investimento realizado."

Emenda nº9, ao apartado Catro bis), de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo punto Catro bis), que terá o seguinte contido:

"Catro bis) O punto Tres do artigo 5 do Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, no relativo á dedución por familia numerosa, queda redactado do seguinte xeito:

"O contribuínte que posúa o título de familia numerosa na data de devengo do imposto e sempre que a base imponible non exceda de 50.000 euros en tributación individual ou 70.000 en tributación conxunta, poderá deducir da cota íntegra autonómica as seguintes cantidades:





- a) 250 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral.
- b) 400 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría especial.

Cando algún dos cónxuxes ou descendentes aos que sexa de aplicación o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de minusvalía igual ou superior ao 65 %, a dedución anterior será de 500 e 800 euros respectivamente.

Esta dedución aplicarase ao contribuínte co que convivan os restantes membros da familia numerosa. Cando convivan con máis dun, o importe será rateado por partes iguais."

Emenda nº10, ao apartado Catro ter), de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo punto Catro ter), que terá o seguinte contido:

"Catro ter. A letra a) do punto Sete do artigo 5 do Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, queda redactado do seguinte xeito:

- a) Que a súa idade, na data da devindicación do imposto, sexa igual ou inferior a 35 anos ou estea en situación de desemprego rexistrado nunha oficina de emprego que acepten un posto de traballo situado nun municipio distinto ao da súa vivenda habitual sempre que este novo traballo esixa o traslado da súa residencia habitual a un novo municipio, mulleres vítimas de violencia de xénero, contribuíntes con discapacidade igual ou superior ao 65 % e persoas que, como consecuencia dun proceso de separación ou divorcio, se vexan obrigadas a abandonar o domicilio familiar."

Emenda nº11, ao apartado Catro quater), de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo punto Catro quater, que terá o seguinte contido:





"Catro quater. O punto Oito do artigo 5 do Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, no relativo á dedución por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos, queda redactado do seguinte xeito:

Os contribuíntes que durante o exercicio accedan a internet mediante a contratación de liñas de alta velocidade poderán deducir da cota íntegra autonómica o 30 % das cantidades satisfeitas no concepto de cota de alta e cotas mensuais, cun límite máximo de 100 euros sempre que a base impoñible non exceda de 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en tributación conxunta, e segundo os seguintes requisitos:

a) Só se poderá aplicarse no exercicio no que se subscribe o contrato de conexión a liñas de alta velocidade.

b) A liña de alta velocidade contratada estará destinada ao uso exclusivo do fogar e non estará vinculada ao exercicio de calquera actividade empresarial ou profesional.

c) Non resultará aplicable se o contrato de conexión supón simplemente un cambio de compañía prestadora do servizo e o contrato coa compañía anterior se realizou noutro exercicio. Tampouco resultará aplicable cando se contrate a conexión a unha liña de alta velocidade e o contribuínte manteña, ao mesmo tempo, outras liñas contratadas en exercicios anteriores.

d) O límite máximo da dedución aplícase respecto de todas as cantidades satisfeitas durante o exercicio, ben correspondan a un só contrato de conexión, ben a varios que se manteñan simultaneamente."

Emenda nº12, ao apartado Catro quinquies), de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo punto Catro quintus, que terá o seguinte contido:

"Catro quintus. Engádese unha nova letra 2 bis) o punto Doce do artigo 5 do Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo





que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado relativa á dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica, coa seguinte redacción:

2 bis. "Para os contribuíntes con base impoñible superior a 40.000 euros en tributación individual ou 60.000 euros en tributación conxunta, a dedución establecida no punto 1) reducirase nun 50 %."

Emenda nº13, ao apartado Catro sexies), de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo punto Catro sextus, que terá o seguinte contido:

"Catro sextus. o punto Doce do artigo 5 do Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, no relativo á dedución por rehabilitación de bens inmoables situados en centros históricos, queda redactado como segue:

Os contribuíntes sempre que a súa base non exceda de 40.000 euros en tributación individual ou 60.000 euros en tributación conxunta, poderán deducir da cota íntegra autonómica o 15 % das cantidades investidas no exercicio na rehabilitación de inmoables situados nos centros históricos que mediante orde se determinen, cun límite de 9.000 euros.

A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo, polo menos, na contía do investimento realizado.

Para estes efectos, consideraranse rehabilitación as obras que cumbran os seguintes requisitos:

- a) Que dispoñan dos permisos e autorizacións administrativas correspondentes.
- b) Que teñan por obxecto principal a reconstrución do inmoable mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas, sempre que o





custo global das operacións de rehabilitación exceda do 25 % do prezo de adquisición, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que teña o inmovible no momento do devandito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmovible a parte proporcional correspondente ao solo. Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito ou o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.

Na orde que delimite os centros históricos establecerase a xustificación documental necesaria que acredite a pertenza do ben ao devandito centro."

Emenda nº14, ao apartado Catro septies), de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo punto Catro septimus, que terá o seguinte contido:

"Catro septimus. O punto Dous do artigo 5 do Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, no relativo á dedución por nacemento ou dedución de fillos e fillas, queda redactado do seguinte xeito:

O contribuínte que posúa o título de familia numerosa na data de devengo do imposto e sempre que a base imponible non exceda de 50.000 euros en tributación individual ou 70.000 en tributación conxunta, poderá deducir da cota íntegra autonómica as seguintes cantidades:

- a) 250 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral.
- b) 400 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría especial.

Cando algún dos cónxuxes ou descendentes aos que sexa de aplicación o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de minusvalía igual ou superior ao 65 %, a dedución anterior será de 500 e 800 euros respectivamente.





Esta dedución practicaraa o contribuínte co que convivan os restantes membros da familia numerosa. Cando convivan con máis dun, o importe será rateado por partes iguais."

Emenda nº15, ao apartado Catro octies), de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo punto Catro octavus, que terá o seguinte contido:

"Catro octavus. O punto Dous do artigo cinco do Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, no relativo á dedución por nacemento ou adopción de fillos e fillas, queda redactado do seguinte xeito:

Dous. Dedución por nacemento ou adopción de fillos e fillas.

1. O contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica por cada fillo nacido ou adoptado no período impositivo, que conviva co contribuínte na data da devindicación do imposto, a seguinte contía:

a) 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa maior ou igual de 22.000,01 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta. En caso de parto múltiple, esta dedución ascenderá a 360 euros por cada fillo.

b) 360 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa menor ou igual a 22.000 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta. Esta contía será de 1.200 euros se se trata do segundo fillo e de 2.400 se se trata do terceiro fillo ou seguintes.

A contía incrementarase nun 20 % para os contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación.

2. A dedución estenderase aos dous períodos impositivos seguintes ao nacemento ou adopción, sempre que o fillo nacido ou adoptado conviva co contribuínte na data da devindicación



do imposto que corresponda a cada un deles, segundo as seguintes contías e límites de renda:

a) 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF estea comprendida entre 22.000,01 e 31.000 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta.

b) 360 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa menor ou igual a 22.000 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta. Esta contía será de 1.200 euros se se trata do segundo fillo e de 2.400 se se trata do terceiro fillo ou seguintes.

3. Cando, no período impositivo do nacemento ou adopción, ou nos dous seguintes, os fillos ou fillas convivan con ambos os dous proxenitores a dedución practicarase por partes iguais na declaración de cada un deles.

4. As contías fixadas por esta dedución duplicaranse no caso de que o nacido ou adoptado teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %."

Emenda nº16, ao apartado Cinco bis), de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo punto Cinco bis, que terá o seguinte contido:

Engádese un novo punto Dezanove bis ao artigo 5 do Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, no relativo á dedución por adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual, coa seguinte redacción:

“Os contribuíntes poderan deducir o 3 % das cantidades satisfeitas pola adquisición ou rehabilitación dunha vivenda nova que estea situada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que constitúa o vaia constituír a vivenda habitual do contribuínte, sempre que teña a súa residencia habitual en Galicia e que a súa base imponible total non supere a contía de 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en





tributación conxunta. A base máxima desta dedución virá constituída polo importe anual establecido como límite para a dedución de vivenda habitual contemplada pola normativa vixente. A porcentaxe de dedución será do 5 % se a adquisición ou rehabilitación se produce en calquera concello con poboación de menos de 5.000 habitantes."

A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo, polo menos, na contía do investimento realizado."

Emenda nº17, ao apartado Cinco ter), de Adición. Artigo 1

Débase engadir un novo punto Cinco ter, que terá o seguinte contido:

Engádesse un novo punto Dezanove ter, ao artigo 5 do Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, no relativo á dedución para familias monomarentais ou monoparentale e, no seu caso, con ascendentes maiores de 75 anos ou de calquera idade con discapacidade ou dependencia recoñecida, coa redacción seguinte:

“As persoas contribuíntes que sexan nais ou pais de familia monomarentais ou monoparentais na data de devindicación do imposto, terán dereito a aplicar na cota íntegra autonómica unha dedución de 400 euros. A dedución incrementarase adicionalmente en 200 euros por cada ascendente maior de 75 anos ou de calquera idade con discapacidade igual ou superior ao 33 % ou dependencia recoñecida, calquera que sexa a súa idade, que xere o dereito á aplicación do mínimo por ascendentes. Cando varias persoas contribuíntes teñan dereito á aplicación da dedución prevista no paragrafo anterior, estarase ás normas de prorrateo, convivencia e demais límites previstos na normativa estatal do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas

A suma das bases impositivas xeral e de aforro non debe superar 40.000 euros en tributación individual ou a 65.000 euros en caso de tributación conxunta.



Terán a consideración de familia monomarental ou monoparental a formada pola nai ou pai e todos os fillos e fillas que convivan con un ou outro e que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- Fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos que, co consentimento dos pais ou nais, vivan independentes destes.
- Fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada."

Emenda nº18, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 1

No punto Cinco deste artigo, débese engadir un novo número 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. A dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galicia terá un límite de 60.100 euros anuais."

Emenda nº19, de Supresión. Artigo 2

Débese suprimir este artigo

Emenda nº20, ao apartado Dous.a), de Supresión. Artigo 2

No caso de non aceptar a emenda de supresión anterior, no punto Dous deste artigo, letra a), débese suprimir a expresión "..., ou o domicilio fiscal da entidade ..."

Emenda nº21, ao apartado Tres.c), de Supresión. Artigo 2

No caso de non ser aceptada a emenda de supresión ao artigo 2, no punto Tres, letra c) débese suprimir a expresión "... ou domicilio fiscal da entidade."



Emenda nº22, ao apartado Tres.f), de Modificación. Artigo 2

No caso de non aceptar a emenda de supresión deste artigo, débese modificar o punto Tres, letra f), que quedará redactada do seguinte xeito:

"f) "Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto de acordo co establecido nas alíneas anteriores deste artigo, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia."

Emenda nº23, ao apartado Sete, de Modificación. Artigo 3

Propónse unha nova redacción para o parágrafo que comeza por Sete, e terá o seguinte contido:

"Sete. Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles de uso vivenda, cando vaia a constituír a vivenda habitual do contribuínte, que se atopen nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais ás que se refire o número sete do artigo 16 será do 5 %, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto Dous deste artigo."

Emenda nº24, ao apartado Sete bis), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo punto Sete bis) neste artigo, que terá o seguinte contido:

"Sete bis. Tipo de gravame aplicado na adquisición de vivenda habitual para vítimas de violencia de xénero.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles de uso vivenda, cando vaia a constituír a vivenda habitual do contribuínte, tratándose de vítimas de violencia de





xénero, será do 5 % sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto Dous deste artigo."

Emenda nº25, de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo artigo 3 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 3 bis. Imposto sobre o patrimonio

Un.- Modifícase o artigo 13 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado do seguinte xeito:

"O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en 400.000 euros, excluindo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual".

Dous.- Modifícase o artigo 13 bis do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, regulando a seguinte escala de gravame:

Base liquidable base liqu. Ata euros	Cota íntegra Tipo aplicable Euros Porcentaxe	Resto da Ata
0,00	0,00	167.
129,45	0,24	
167.129,45	401,11	
334.252,88	0,36	
334.252,88	1.002,76	
668.499,75	0,61	
668.499,75	3.041,66	1.336
.999,51	1,09	





Emenda nº26, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 4

No número 1 deste artigo, onde di: "... 1,025 ...", debe decir: "... 1,013 ..."

Emenda nº27, ao apartado 2.Dous, de Supresión. Artigo 4

No número 2 deste artigo débese suprimir o punto Dous.

Emenda nº28, ao apartado Cinco, de Supresión. Artigo 4

No número 2 deste artigo débese suprimir o punto Cinco.

Emenda nº29, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 4

No número 2, punto Dous deste artigo, débese engadir un novo punto Vinte e nove bis, que terá o seguinte contido:

"Vinte e nove bis. Engádesse un novo apartado no artigo 40. 2. a) bis.

"Estarán exentos da tarifa 02, contida no anexo 5, as corporacións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que, nos terreos da zona de servizo portuaria que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, queiran realizar outros usos non estritamente portuarios, tales como actividades culturais, recreativas, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais e industriais non portuarias, sempre e cando a mesma non leve consigo unha utilidade económica ou, aínda existindo a dita utilidade, a utilización ou o aproveitamento entrañe as condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela, sempre que resulten compatibles cos usos antes definidos e que non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro do porto e das operacións de tráfico portuario."

Emenda nº30, de Adición. Artigo 6



Débase engadir un novo parágrafo *in fine*, que terá o seguinte contido:

Modifícase o artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, que quedará redactado do seguinte xeito:

1. "A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 1.200 euros por hm³, á base imponible".

2.- De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medio ambiental e en especial á cuestión relativa a eliminación de residuos.

3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado ás persoas consumidoras."

Emenda nº31, ao apartado Un bis), de Adición. Artigo 7

Débase engadir un novo punto Un bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"A letra c) do artigo 75, queda coa seguinte redacción:

c) Promoción interna vertical, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, a outro superior, sen que sexa desde o inmediato inferior, conforme ao establecido nesta sección."

Emenda nº32, ao apartado Un ter), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir un novo punto Un ter, que terá o seguinte contido:



“O número 2 do artigo 76, queda coa seguinte redacción:

“Os itinerarios profesionais poderán ser tidos en conta para a estruturación da promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira nos termos que regulamentariamente se determinen nas bases das respectivas convocatorias. Na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico garantirase, en todo caso, a mobilidade plena do persoal funcionario dos corpos da Administración Xeral no ámbito das consellerías e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.”

Emenda nº33, ao apartado Catro, de Supresión. Artigo 7

No punto Catro, deste artigo, na columna de Funcións, débese suprimir a seguinte frase: "Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº34, ao apartado Catro bis), de Adición. Artigo 7

Débese crear un novo punto Catro bis, que terá o seguinte contido:

"Catro bis. Modifícase o número 1 da disposición adicional oitava para a creación da seguinte escala:

Denominación	Especialidade	Sub
grupo Escala técnica de orientación laboral		A1

Funcións

- Intervir na contorna persoal e sociolaboral das persoas en situación de desemprego, a través de técnicas específicas, facilitando o acceso e mantemento dos posibles postos de traballo, realizando o deseño, xestión, administración e supervisión da información dispoñible, de fronte ao deseño, posta en marcha e seguimento de plans individuais ou



colectivos de inserción, mantendo contacto coa contorna e colaborando na análise do tecido produtivo , os postos de traballo, así como realizando a xestión de información sobre recursos formativos e sociolaborais existentes de acordo coas directrices establecidas.

- Diseñar e desenvolver programas de orientación laboral individual, destinados a persoas desempregadas, co obxectivo de aumentar a súa empregabilidade, co obxectivo de conseguir a súa inserción no mercado de traballo, sempre de acordo ás súas capacidades e intereses.

- Recoller e elaborar información significativa relativa ao mercado laboral e as posibles ocupacións de interese para os usuarios, trasladándoa a outros técnicos e usuarios, recollendo suxestións e propostas de todos.

- Procura de nichos de emprego e de posibles alianzas con empresas e entidades.

- Elaborar información sobre programas de emprego e/formación adaptados ao perfil persoal e profesional dos usuarios.

- Asesorar ás persoas usuarias nas súas demandas, achegando propostas adaptadas ás súas necesidades tanto formativas como laborais.

- Coordinar a intervención con outros profesionais (A2) establecendo pautas e acción a desenvolver.

- Manter a coordinación e o contacto coas empresas e/ou institucións colaboradoras.

- Diseñar os modelos de selección de candidatos/as adecuados ás ofertas existentes e realízalas.

- Realizar o acompañamento aos itinerarios individualizados de inserción sociolaboral.

- Diseñar e executar accións de prospección e intermediación con empresas.

- Dirixir e realizar a xestión administrativa e de soporte das aplicacións informáticas, así como o deseño e manexo de bases de datos.



- Xestión de ofertas laborais e mediación laboral con empresas e desempregados para asegurar o maior número de insercións laborais posibles.
- Crear e manter actualizados os directorios de recursos de emprego, colaborando con outros técnicos no desenvolvemento e mellora deles.
- Propoñer mellorar no desenvolvemento e deseño dos programas de traballo, realizando os proxectos, informes ou propostas que se lle soliciten, dentro do seu nivel de competencia.

Emenda nº35, ao apartado Cinco , de Modificación. Artigo 7

No punto Cinco, deste artigo, na Escala técnica de orientación laboral Subgrupo A2, na columna de Funcións débese substituír o seu contido polo seguinte:

"Funcións

Realizar actividades de apoio de acordo cos programas, procedementos e normas establecidos.
Colaborar na recollida e elaboración de información significativa relativa ao mercado laboral e as posibles ocupacións de interese para os usuarios.

Trasladar información sobre nichos de emprego, información, formación para o emprego e postos de traballo, recollendo á súa vez as demandas de usuarios do sistema, para trasladala aos seus destinatarios.
Realizar as visitas programadas a empresas e entidades colaboradoras.

Colaborar na selección de candidatos para cubrir as ofertas de emprego existentes.

Supervisar o cumprimento dos itinerarios individualizados de inserción sociolaboral

Colaborar na execución de accións de prospección.



Colaborar na xestión administrativa, introducir datos nas aplicacións informáticas correspondentes, así como nas bases de datos.

Xestión administrativa directa de ofertas/demandas de formación e emprego, realizando as accións de seguimento establecidas.

Manter actualizados os directorios de recursos locais de emprego.

Propoñer melloras nas ferramentas e programas de traballo, baixo a supervisión dun técnico."

Emenda nº36, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 7

No punto Seis, deste artigo, débese suprimir *in fine* na columna de Funcións o seguinte texto: "Calquera outra de análogo contido ou que teña relaciónc oas funcións anteriores."

Emenda nº37, ao apartado Sete, de Modificación. Artigo 7

No punto Sete deste artigo, na columna da Denominación "Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, columna de Funcións, primeiro parágrafo, onde di: "... segundo as instrucións dos superiores.", debe dicir: "... baixo a supervisión dos superiores."

Emenda nº38, ao apartado Sete, de Supresión. Artigo 7

No punto Sete deste artigo, columna de Denominación, *Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais*, columna de Funcións correlativa, débese suprimir *in fine* o seguinte texto: "Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."



Emenda nº39, ao apartado Nove, de Supresión. Artigo 7

No punto Nove deste artigo, na Escala de expertos/as lingüístas, débese suprimir *in fine*, nas Funcións, o seguinte texto: "Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº40, ao apartado Nove, de Supresión. Artigo 7

No punto Nove, na columna de Denominación Escala de restauración, Especialidade Documentos gráficos, débese suprimir *in fine*, o seguinte texto: "Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº41, ao apartado Nove, de Supresión. Artigo 7

No punto Nove, na columna Denominación, Escala de restauración; Especialidade, Bens artísticos e arqueolóxicos, suprimir *in fine* na columna Funcións o seguinte parágrafo: "Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº42, ao apartado Nove bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto Nove bis, que terá o seguinte contido:

Modifícase o número I da disposición adicional novena para a creación da seguinte escala:

Denominación o Funcións	Especialidades Titulación	Subgrup
Escala de A1	enseñeiros Todas as	Informática Enxeñería en
	tarefas técnicas	informática
	relacionadas coa	
	implementación da	



administración dixital

Emenda nº43, ao apartado Nove ter), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto Nove ter, que terá o seguinte contido:

Modifícase a Disposición adicional novena. Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Corpo facultativo superior, escala de facultativos de servizos sociais . Especialidade Psicoloxía, subgrupo A1, modifícase o referente á titulación, que quedará como segue:

“Graduado ou Licenciado en Psicoloxía ou graduado nunha titulación equivalente da rama de ciencias da saúde que habilite para o exercicio da profesión de psicólogo/a.”

Emenda nº44, ao apartado Trece, de Supresión. Artigo 7

No punto Trece, na columna Denominación, Especialidade documentos gráficos, débese suprimir *in fine* na columna Funcións, o seguinte texto: "Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº45, ao apartado Trece, de Supresión. Artigo 7

No punto Trece, columna Denominación Escala técnica de restauración, Especialidade Bens artísticos e arqueolóxicos, débese suprimir *in fine* en Funcións o seguinte texto: "Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº46, ao apartado Trece bis), de Adición. Artigo 7



Débase engadir un novo punto Trece bis, que terá o seguinte contido:

"Trece bis. Modifícase a disposición adicional novena. Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Corpo facultativo de grao medio, escala de técnicos facultativos de servizos sociais. Especialidade Tráballo social, subgrupo A2, quedando no referente á titulación como segue:

Diplomado en Tráballo Social ou graduado nunha titulación equivalente da rama de ciencias sociais e xurídicas, que habilite para exercer como traballador/a social."

Emenda nº47, ao apartado Quince, de Supresión. Artigo 7

No punto Quince, Escala técnica de interpretación de lingua de signos, débese suprimir *in fine* a seguinte texto:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº48, ao apartado Quince bis), de Adición. Artigo 7

Débase engadir un novo punto Quince bis, que terá o seguinte contido:

Modifícase o número 3 da disposición adicional novena para a creación dunha nova escala para integrar aos coidadores da categoría III-99, co seguinte contido:

Denominación	Especialidades
Subgrupo	
Escala axudantes	
técnicos educativos	B ou
C1	

Funcións



- Prestación de servizos complementarios para a asistencia das persoas con necesidades especiais: limpeza e aseo, comedor, colaboración na vixilancia.
- Colaboración na inserción na actividade social e laboral das persoas con necesidades especiais en orde a propiciar a autonomía persoal e a das persoas con necesidades especiais.
- Realización de cambios posturais.
- As recollidas nas sentenzas xudiciais de reclasificación

Titulación

- Ciclo Superior de Integración Social. Período transitorio: Bacharelato ou equivalente ou os requisitos esixidos nas listas para a súa contratación ou para os procesos selectivos superados.

Emenda nº49, ao apartado Dezaseis, de Modificación. Artigo 7

No punto Dezaseis, na Denominación onde di: "Escala técnica do Servizo de Prevención e defensa Contra Incendios forestais", debe dicir: "Escala técnica superior do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais."

Emenda nº50, ao apartado Dezaseis, de Modificación. Artigo 7

No punto Dezaseis na columna Especialidades, onde di: "Bombeiro forestal xefe de brigada", debe dicir: "Bombeiro forestal xefe de equipo."

Emenda nº51, ao apartado Dezaseis, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezaseis, na columna Funcións, na primeira función, débese suprimir o seguinte texto: "... En particular, coordinación dos bombeiros/as forestais encargados/as de brigada e/ou bombeiros/as forestais ao seu cargo."

Emenda nº52, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7



No punto Dezasete, Escala técnica de mantemento de servizos, na columna Funcións, débese suprimir a última función, que ten o seguinte contido: "Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº53, ao apartado Dezasete, de Modificación. Artigo 7

No punto Dezasete, na columna Denominación, onde di: "Escala técnica de recursos naturais e forestais", debe dicir: "Escala técnica operativa de recursos naturais e forestais."

Emenda nº54, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete, na Escala técnica de recursos naturais e forestais, débese suprimir a seguinte Función:

"Coordinación, organización e mantemento das instalacións, dos establecementos, dos edificios e dos espazos natureais correspondentes nos parques naturais, centros de recuperación de fauna silvestre, centros cinexéticos, piscícolas ou análogos, e en xeral, o desenvolvemento das actuacións que requiran o adecuado funcionamento destes."

Emenda nº55, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete na Escala técnica de Recursos naturais e forestais, débese suprimir a seguinte Función:

"Coordinación do persoal da escala auxiliar de recursos naturais e do persoal da especialidade de recursos naturais e forestais da agrupación profesional que prestan servizos no espazo natural, establecemento ou instalación correspondente."

Emenda nº56, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7



No punto Dezasete, escala técnica de recursos naturais e forestais, débese suprimir a Función: "Manexo de vehículos e maquinaria autopropulsada agrícola ou forestal (tractores).

Emenda nº57, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete, na Escala técnica de recursos naturais e forestais, débese suprimir *in fine* en Funcións a seguinte: "Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº58, ao apartado Dezasete bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto Dezasete bis, que terá o seguinte contido:

"Engadir:

Denominación	Subgrupo	Especialidades
Escala técnica operativa de recursos forestais		naturais e
B		

Funcións

- Coordinación, organización e mantemento das instalacións, dos establecementos, dos edificios e dos espazos naturais correspondentes nos parques naturais, centros de recuperación de fauna silvestre, centros cinexéticos, piscícolas ou análogos, e en xeral, o desenvolvemento das actuacións que requiran o adecuado funcionamento destes.

- Coordinación do persoal da escala auxiliar de recursos naturais e do persoal da especialidade de recursos naturais e forestais da agrupación profesional que prestan servizos no espazo natural, establecemento ou instalación correspondente

Titulación

Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, ou equivalente.



Emenda nº59, ao apartado Dezasete ter), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto Dezasete ter, que terá o seguinte contido:

"Engadir:

Denominación	Subgrupo	Especialidades
Escala técnica operativa pesada de recursos naturais e forestais	C1	Operario de maquinaria

Funcións

Manexo de vehículos e maquinaria autopropulsada agrícola ou forestal (tractores)

Titulación

Título do técnico na rama agraria e carné, autorización ou licencia que sexa necesario para o manexo dos vehículos.

Emenda nº60, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete na Escala técnica de cociña, débese suprimir a seguinte función:

"Control da despensa diaria, xestión e recepción de pedidos."

Emenda nº61, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete, na Escala técnica de cociña, débese suprimir a seguinte Función:

"Xestión e supervisión dos gastos derivados do departamento."

Emenda nº62, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7





No punto dezasete, na Escala técnica de cociña, débese suprimir a seguinte función:

"Xestión de programas informáticos propios da unidade."

Emenda nº63, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete na Escala técnica de cociña, débese suprimir *in fine* a seguinte función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº64, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete na Escala técnica de condución, débese suprimir *in fine* a seguinte función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº65, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete da Escala técnica de Análisis de laboratorio, débese suprimir *in fine* a seguinte función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº66, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete, na Escala técnica de arquivos bibliotecas e museos, Especialidade Arquivos, e bibliotecas, débese suprimir a seguinte función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."



Emenda nº67, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete, Escala técnica de arquivos, bibliotecas e museos, Especialidade Museos, débese suprimir *in fine* a seguinte función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº68, ao apartado Dezasete, de Modificación. Artigo 7

No punto Dezasete na Escala técnica operativa do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, na columna de Especialidades, onde di: "Bombeiro forestal encargado de brigada", debe dicir: "Bombeiro forestal xefe de brigada"

Emenda nº69, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezasete, Escala técnica operativa do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, Especialidade de Bombeiro forestal encargado de brigada, na columna de Titulación onde di: "Título de bacharelato ou técnico e carné, autorización ou licenza que sexan necesarios para o manexo dos vehículos", debe dicir: "Técnico especialidade forestal e medioambiental e/ou equivalente e carné, autorización ou licencia que sexa necesario para o manexo dos vehículos."

Emenda nº70, ao apartado Dezaoito, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezaoito, na Escala auxiliar de coidadores, débese suprimir *in fine*, a seguinte función:
"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº71, ao apartado Dezaoito, de Modificación. Artigo 7





No punto dezaeito, na Escala auxiliar de cociña, na primeira Función, onde di: "... dos menús diarios ...", debe dicir: "... dos pratos diarios ..."

Emenda nº72, ao apartado Dezaeito, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezaeito, da Escala auxiliar de cociña, débese suprimir a seguinte función:

"Elaboración de pedidos. Recepción de alimentos, comprobación do estado e rastrexabilidade."

Emenda nº73, ao apartado Dezaeito, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezaeito, na Escala auxiliar de cociña, débese suprimir *in fine* a seguinte función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº74, ao apartado Dezaeito, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezaeito, Escala auxiliar de mantemento, débese suprimir *in fine* a función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº75, ao apartado Dezaeito, de Supresión. Artigo 7

No punto dezaeito, na Escala auxiliar de laboratorio, débese suprimir *in fine* a función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº76, ao apartado Dezaeito, de Supresión. Artigo 7





No punto Dezaeito, na Escala auxiliar de condución, débese suprimir *in fine* a función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº77, ao apartado Dezaeito, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezaeito, na Escala auxiliar de recursos naturais e forestais, débese suprimir *in fine* a seguinte función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº78, ao apartado Dezaeito, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezaeito, Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, Especialidade Arquivos e bibliotecas, débese suprimir *in fine*, a seguinte función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores"

Emenda nº79, ao apartado Dezaeito, de Supresión. Artigo 7

No punto Dezaeito, Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, Especialidade Museos, débese suprimir *in fine*, a seguinte función:

"Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores."

Emenda nº80, ao apartado Dezaeito bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto Dezaeito bis, que terá o seguinte contido:



"Dezaoito bis. O punto 3 da Disposición transitoria primeira." Persoal laboral fixo que realice funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario", queda redactada do seguinte xeito:

"O persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comprendido no apartado primeiro desta disposición poderá participar nos procesos selectivos de promoción interna polo sistema de concurso-oposición, de forma independente aos procesos selectivos de libre concurrencia, en cada un dos corpos ou escalas de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia aos que figuren adscritas as funcións que realice ou os postos que desempeñe, sempre que posúa a titulación necesaria e reúna os restantes requisitos esixidos, valorándose a estes efectos como mérito os servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo e as probas selectivas superadas para acceder a esta condición."

Emenda nº81, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 9

No punto Dous, deste artigo, débese engadir unha nova letra f) bis, que terá o seguinte contido:

"f) bis. Un estado demostrativo do movemento e situación dos avais ou préstamos concedidos."

Emenda nº82, ao apartado Dous.1 bis), de Adición. Artigo 9

No punto Dous, deste artigo, débese engadir un novo número 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1) bis. Un estado demostrativo do movemento e situación dos avais ou préstamos concedidos."

Emenda nº83, ao apartado Dous.3, de Adición. Artigo 9

No punto Dous, deste artigo, número 3, débese engadir *in fine* do segundo parágrafo, que remata en: "...contabilidade que sexa de aplicación.", o seguinte texto:



"... En todo caso incluíra un estado demostrativo do movemento e situación dos avais ou préstamos concedidos."

Emenda nº84, ao apartado Tres.2 bis), de Adición. Artigo 10

No punto Tres, deste artigo, débese engadir un novo número 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. Os plans de acción da paisaxe para territorios protexidos integraranse nos instrumentos de planificación e ordenación da área protexida."

Emenda nº85, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 11

No número 1, deste artigo, letra b), *in fine*, onde di: "... dun mínimo de oito cazadores.", debe dicir: "... dun mínimo de dez cazadores."

Emenda nº86, de Supresión. Artigo 11

A letra e) do número 1, deste artigo, débese suprimir.

Emenda nº87, ao apartado Cinco, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o punto Cinco deste artigo.

Emenda nº88, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 12

No punto Seis deste artigo, segundo paragrafo, despois de: "... rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, ..." Débese engadir a seguinte expresión: "... por razón xustificada, ..."

Emenda nº89, de Supresión. Artigo 12



No punto Oito deste artigo, débese suprimir no número 1, o quinto parágrafo que ten o seguinte contido:

"O réxime previsto neste número será de aplicación no caso dos edificios, construcións e instalacións existentes en solo urbano non consolidado, en áreas de solo de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral, no solo urbanizable e nos terreos afectados a sistemas xerais, mentres non estea aprobada definitivamente a ordenación detallada dos ditos ámbitos."

Emenda nº90, ao apartado Un.3, de Modificación. Artigo 14

No punto Un, deste artigo, o contido do número 3, débese substituír polo seguinte texto:

Proponse un novo texto para o número 3, do punto Un deste artigo, que terá o seguinte contido:

"A prescrición da obriga de reparar o dano causado regulada nesta lei rexerese polo disposto na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental."

Emenda nº91, ao apartado Un.4, de Adición. Artigo 15

No punto Un, deste artigo, segundo parágrafo do número 4, que comeza por: "Sen prexuízo do anterior ...", débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "... para o cal levaranse a cabo as correspondentes achegas económicas por parte da consellaría con competencias en materia de prevención de incendios."

Emenda nº92, ao apartado Dous.1, de Modificación. Artigo 15

No punto Dous, número 1, segundo parágrafo, ondi di: "... xestión da biomasa mediante número seguinte ...", debe dicir: "... xestión da biomasa de acordo co recollido nos números seguintes ..."



Emenda nº93, ao apartado Dous.2, de Adición. Artigo 15

No punto Dous, deste artigo, número 2, segundo parágrafo que remata en: "... da súa competencia." débese engadir a continuación o seguinte texto: "... debendo garantirse a transparencia e obxectividade ao respecto dos criterios e elección das administracións locais asinantes de tales convenios."

Emenda nº94, ao apartado Dous.4, de Modificación. Artigo 15

No punto Dous, deste artigo, número 4, onde di: "... sistema público de xestión da biomasa serán xestionadas, ...", debe dicir: "... sistema público de xestión da biomasa poderán ser xestionadas, ..."

Emenda nº95, ao apartado Dous.6, de Modificación. Artigo 15

No punto Dous, deste artigo, número 6, segundo parágrafo, onde di: "... reservárase un subfondo cunha cantidade específica dentro do Fondo de Cooperación Local ...", debe dicir: "... aumentárase unha cantidade específica ao Fondo de Cooperación Local ..."

Emenda nº96, ao apartado Dous.1, de Modificación. Artigo 16

No punto Dous, deste artigo, número 1, segundo parágrafo, case ao final, onde di: "... En particular, poderán habilitarse liñas específicas ...", debe dicir: "... En particular, habilitaranse liñas específicas ..."

Emenda nº97, ao apartado Un.1, de Supresión. Artigo 19

No punto Un deste artigo, número 1, débese suprimir, ao final do primeiro parágrafo o seguinte texto:

"... sen prexuízo de que adicionalmente Portos de Galicia poida solicitar calquera outro documento ou xustificación que





considere necesario para resolver fundadamente sobre a solicitude presentada."

Emenda nº98, ao apartado Tres.2, de Modificación. Artigo 20

No punto Tres, deste artigo, número 2, onde di: " ... será dun ano.", debe dicir: "... será de oito meses."

Emenda nº99, ao apartado Cinco.1, de Modificación. Artigo 20

No punto Cinco deste artigo débese modificar o punto 1, que terá o seguinte contido:

"1. No caso de infraccións leves e graves a iniciación do procedemento corresponderalle á persoa titular da dirección do centro ou, no seu casos á persoa titular da xefatura de servizo competente por razón da materia da Xefatura Territorial da Consellería da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de servizos sociais. A instrución realizaraa o persoal funcionario da Xefatura Territorial designado ao efecto, sendo competente para a resolución do procedemento a persoa titular do centro directivo da Administración autonómica competente en materia de Inspección de Servizos Sociais."

Emenda nº100, ao apartado Cinco.2, de Modificación. Artigo 20

No punto Cinco, deste artigo, propónse un novo texto para o número 2, que terá o seguinte contido:

"2. Nos casos de infraccións moi graves a iniciación do procedemento corresponderalle á persoa titular da xefatura de servizo competente por razón da materia dos servizos centrais da Administración autonómica. A instrución corresponderalle ao persoal funcionario designado para o efecto. Instruído o procedemento e logo de audiencia á persoa presuntamente infractora, emitirase unha proposta de resolución que se lle notificará á persoa interesada. A resolución do procedemento corresponderalle á persoa titular do centro directivo da Administración autonómica competente en materia de inspección de servizos sociais."



Emenda nº101, ao apartado Seis, de Modificación. Artigo 20

O contido do punto Seis deste artigo, débese substituír polo seguinte texto:

"Seis. Engádesse unha disposición adicional novena coa seguinte redacción:

“Disposición adicional novena. Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos.

1. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nelas, aplicarase para unha bonificación do 100% dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, dependendo do nivel de renda das familias. A bonificación do 100% das cantidades correspondentes á atención educativa no suposto de matriculación, aplicarase tamén no caso das prazas contratadas pola consellería competente en materia de servizos sociais en escolas infantís de titularidade privada, polo que a administración autonómica asumirá, de acordo co réxime previsto no contrato, o pagamento das cantidades que, no seu caso, correspondan polo indicado concepto á unidade familiar.

Esta medida terá efectos económicos dende o 1 de abril de 2020 ou dende a data anterior que se determine, atendidas as dispoñibilidades orzamentarias, por resolución da persoa titular da consellería competente en materia de servizos sociais, publicada no Diario Oficial de Galicia, e aplicarase directamente, sen prexuízo da posterior adaptación da normativa sobre prezos en vigor ao disposto nesta disposición.

2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades opten voluntariamente polo establecemento e aplicación da bonificación do 100% establecida no número





anterior, e así o xustificuen, serán compensadas pola consellería competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.

No caso de que as entidades locais teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá acadar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustificuen aplicación da bonificación do 100% da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, sendo a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas.

Para os efectos do disposto nesta disposición, respecto das entidades locais que opten pola aplicación da bonificación establecida, entenderase que existen razóns de interese público que permiten fixar a contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por debaixo do límite do custo do servizo.

A medida establecida neste número poderá ter efectos económicos no curso 2020-2021 e ser aplicable directamente, sempre que os órganos competentes das entidades locais acorden o seu establecemento e aplicación, sen prexuízo de que deban proceder á adaptación da súa normativa sobre prezos ou contraprestacións en vigor ao disposto nesta disposición.

3. As bonificacións financeiras e compensacións financeiras establecidas nos números anteriores realizaranse sempre dentro dos créditos dispoñibles en cada exercicio orzamentario.

4. Nas bases reguladoras das subvencións para o mantemento das escolas infantís de 0-3 anos dependentes de entidades privadas de iniciativa social que se aproben pola consellería competente en materia de servizos sociais, establecerase como condición para obter o financiamento a necesidade da aplicación de prezos equivalentes aos derivados do réxime de prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, así como da aplicación, dende a data que se determine nas bases reguladoras, da bonificación do 100% das cantidades correspondentes á atención educativa no caso da matriculación. Estas entidades



serán compensadas de acordo co réxime de financiamento que se dispoña nas indicadas bases reguladoras.

5. A consellería competente en materia de servizos sociais adoptará medidas tendentes a promover e fomentar que as entidades públicas distintas das recollidas nos números anteriores deste artigo, así como as entidades privadas, que sexan titulares de escolas infantís de 0-3 anos, apliquen unha bonificación do 100% da contraprestación pecuniaria que teñan establecida pola atención educativa. Entre tales medidas poderá atoparse o establecemento de subvencións, sendo nestes casos a cargo das entidades a contía da bonificación no que exceda da contía da subvención outorgada pola Administración autonómica.

6. Para a aplicación das bonificacións establecidas nos puntos anteriores desta disposición, terase en conta a base impositiva do IRPF da unidade familiar do alumnado, segundo os seguintes criterios:

- Base impositiva ata 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en tributación conxunta: aplicarase a bonificación pola matriculación de todos os seus fillos ou fillas.

- Base impositiva comprendida entre os 22.000 euros e os 45.000 euros en tributación individual; ou entre os 31.000 euros e os 65.000 euros en tributación conxunta: aplicarase pola matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos da unidade familiar.

7. Por Decreto da Xunta de Galicia poderán ser establecidas condicións especiais máis beneficiosas en virtude das circunstancias existentes, tales como alumnado de familias monoparentais, de familias numerosas, ou para casos de violencia de xénero. Igualmente por Decreto da Xunta de Galicia poderán ser modificadas as contías fixadas no punto anterior para anos sucesivos ao 2020.

8. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, nas escolas infantís de titularidade municipal, así como en aquelas prazas concertadas con entidades sociais ou empresas privadas, e en todas as de titularidade municipal, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico para propiciar medidas de conciliación da vida familiar e laboral, avanza de xeito decidido paulatinamente cara a gratuidade nesta etapa





escolar, co obxectivo de que no horizonte do ano 2024, canto menos un 50 % do alumnado menor de tres anos estean atendidos en centros escolares que pertencen a unha rede de recursos pública e gratuíta."

Emenda nº102, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir

Emenda nº103, de Supresión. Artigo 22

Débese suprimir.

Emenda nº104, de Supresión. Artigo 23

Débese suprimir

Emenda nº105, de Supresión. Artigo 25

Débese suprimir

Emenda nº106, de Supresión. Artigo 29

Débese suprimir.

Emenda nº107, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 30

Débese suprimir o punto Un deste artigo.

Emenda nº108, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 30





No punto Dous deste artigo, onde di: "... os datos de ocupación ...", Debe dicir: "... os datos relativos aos días de ocupación e persoas ocupantes ..."

Emenda nº109, de Supresión. Artigo 31

Débese suprimir

Emenda nº110, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 32

Débese engadir un novo número 5 bis, que terá o seguinte contido:

"5 bis. Os datos dos medios humanos, de acordo coa información subministrada polas respectivas empresas que realizan os actuais servizos de transporte escolar, serán obxecto de subrogación ao contrato que se derive da nova adxudicación a realizar."

Emenda nº111, de Supresión. Artigo 33

Débese suprimir *in fine* a seguinte frase: "... sempre que así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias da Administración autonómica."

Emenda nº112, de Supresión. Artigo 35

Débese suprimir.

Emenda nº113, ao apartado Un, de Adición. Artigo 36

Débese engadir un novo punto Un bis, que terá o seguinte contido:

"Un bis. "Engadese unha nova letra b) bis ao número I do artigo 5 nos seguintes termos:





"b) bis).Definir e fixar as directrices e programas de fomento e desenvolvemento do deporte galego, así como planificar e organizar o sistema deportivo de Galicia."

Emenda nº114, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 36

Débese suprimir o punto Seis deste artigo.

Emenda nº115, ao apartado 1, de Modificación. Disposición adicional única

No número 1 desta disposición, débese facer *in fine* a seguinte modificación. Onde di: "... ata a entrada en vigor da nova lei reguladora dos xogos de Galicia.", debe dicir: "... ata a entrada en vigor dunha nova planificación, a cal deberá ser aprobada no prazo máximo de dous anos."

Emenda nº116, ao apartado 2, de Modificación. Disposición adicional única

No número 2 desta disposición, débese modificar no primeiro parágrafo *in fine*, o seguinte texto. Onde di: "... ata a entrada en vigor da nova lei reguladora de xogos de Galicia.", debe dicir: "... ata a entrada en vigor dunha nova planificación, a cal deberá ser aprobada no prazo máximo de dous anos."

Emenda nº117, de Adición. Disposición transitoria única

Débese engadir unha nova disposición transitoria única bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria única bis. Nova imposición medio ambiental

No prazo máximo de dous meses desde a aprobación desta lei, a Xunta de Galicia remitirá ao Parlamento de Galicia os proxectos de lei de nova tributación relativos ao imposto de emisión de gases á atmosfera, ao imposto sobre instalacións





que incidan no medio ambiente e ao imposto sobre grandes establecementos ou superficies comerciais. Para tal fin poderá basearse na formulación que de tales tributos xa posúen outras comunidades autónomas."

Emenda nº118, ao apartado I, de Supresión. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Débese suprimir a epígrafe I da exposición de motivos.

Emenda nº119, ao apartado II, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na epígrafe II, *ab initio*, onde di: "En canto á estrutura da lei, esta divídese en ..", debe dicir: "A estrutura desta lei divídese en ..."

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/11/2019
19:58:06**



EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO GRUPO COMÚN DA ESQUERDA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/000020).

Emenda nº1, de Supresión. Artigo 2

Débese suprimir o artigo 2 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompaña o Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020.

Emenda nº2, de Adición. Artigo 3

Débese engadir ao final da actual redacción do artigo 3 o seguinte texto:

“...Aos efectos do previsto neste apartado, serán de aplicación os requisitos establecidos nos puntos 1, 2 e 3, segundo corresponda, do apartado dous do artigo 14 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, Decreto Lexislativo 1/2012.

Emenda nº3, ao apartado Catro bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir ao apartado Catro o seguinte:

Catro bis) Modificarase o número 1 da disposición adicional oitava para a creación da seguinte escala:

Denominación: Escala Superior de Orientación Laboral
Subgrupo: A1

Funcións: Considerando que existe un amplo número de efectivos que realizan labores de orientación e que se encadran actualmente no Grupo I do persoal laboral do V Convenio Único, e que serán obxecto de funcionarización nos próximos procesos selectivos amparados polo Acordo de concertación do emprego público de Galicia, debe crearse dentro do Corpo de Xestión de administración Xeral, ademais do subgrupo A2 proposto, un novo subgrupo A1.





A diferenciación de funcións, entre os dous subgrupos, debe vir determinada pola competencia de responsabilidade que as funcións de cada subgrupo asignen ás tarefas asociadas aos postos, permitindo a carreira vertical dentro da escala.

Titulación: Dereito, Economía, ADE, Psicoloxía, Relacións laborais e Graduado Social, que deben marcarse como opción preferente para ocupar os postos a través da RPT.

Emenda nº4, ao apartado Dezaito, de Modificación. Artigo 7

Débase facer a seguinte modificación no apartado Dezaoito do artigo 7:

Na Escala Auxiliar de Cociña, nas funcións débese cambiar o termo: "menús" por "pratos".

Emenda nº5, ao apartado Dezaoito bis), de Adición. Artigo 7

Débase engadir un apartado Dezaoito bis)

Dezaoito bis) Modifacase o artigo 75 . Modalidades da carreira profesional do persoal funcionario de carreira para darlle unha nova redacción ao apartado c):

c) Promoción interna vertical, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, a outro superior, sen que sexa desde o inmediato inferior, conforme ao establecido nesta sección.

Emenda nº6, ao apartado Dezaoito ter), de Adición. Artigo 7

Engadirase un novo apartado Dezaioto ter que quedará redactado do seguinte xeito:

Dezaoio ter. Modifacase o artigo 76. Itinerarios profesionais.

O punto 2 deste artigo quedará redactado da seguinte maneira:
2. Os itinerarios profesionais poderán ser tidos en conta para a estruturación da promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira nos termos que regulamentariamente se





determinen nas bases das respectivas convocatorias. Na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico garantírase, en todo caso, a mobilidade plena do persoal funcionario dos corpos da Administración Xeral no ámbito das consellerías e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico

Emenda nº7, ao apartado Dezaseis, de Modificación. Artigo 7

Débense facer as seguintes modificacións no cadro modificado número 3 da disposición adicional novena:

Denominación: Escala técnica superior do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais

Especialidade: Bombeiro Forestal xefe de equipo.

Subgrupo: B

Funcións:

- Coordinación e dirección do persoal e medios encomendados para previr, combater e extinguir os incendios de natureza forestal, así como a vixilancia e supervisión das labores de prevención.
- Coordinación e apoio en continxencias e situacións de emerxencia nas áreas rurais e forestais.
- Colaboración coas persoas responsables do Servizo de Protección Civil no amparo das persoas e bens ante a incidencia dos incendios forestais.
- Condución de vehículos do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.

Titulación: Técnico superior en Xestión Forestal e do Medio Natural ou equivalente e carné autorización ou licenza que sexa necesaria para o manexo dos vehículos.

Emenda nº8, ao apartado Dezasete, de Modificación. Artigo 7

Débese modificar o apartado Dezasete do artigo 7:

"Na Escala Técnica de Cociña, na columna Funcións, débense suprimir as seguintes funcións:



- Control da despensa diaria, xestión e recepción de pedidos.
- Xestión e supervisión dos gastos derivados do departamento.
- Xestión de programas informáticos propios da unidade.

Emenda nº9, ao apartado Dezasete, de Modificación. Artigo 7

Débese facer a seguinte modificación no apartado Dezasete do artigo 7:

Na Escala técnica operativa do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais débense facer as seguintes modificacións

Na columna de Especialidades, onde pon: "Bombeiro forestal encargado de brigada" debe por: "Bombeiro forestal xefe de brigada".

Na columna de Titulación, onde pon: "Título de bacharel ou técnico e..." debe por: "Técnico especialidade forestal e medioambiental e/ou equivalente e.."

Emenda nº10, ao apartado Dezasete bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir unha nova emenda no apartado Dezasete co seguinte texto:

Dezaste bis) Modificarase o número 4 da disposición adicional novena para proceder á creación do Grupo B dentro da Escala Técnica de recursos naturais e forestais, tendo en conta o seguinte:

- Titulación esixida: Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, ou equivalente.
- Modificarase a denominación Escala Técnica de Recursos Naturais e Forestais (C1), por Escala Técnica Operativa de Recursos Naturais e Forestais.
- Creación, dentro da Escala, dunha Especialidade Técnica de Operario de Maquinaria Pesada (C1), trasladando a esta a función do manexo de vehículos e maquinaria autopropulsada agrícola ou forestal.
- Deben dividirse as funcións entre as especialidades, pasando a ser as propias do proposto Grupo B, as de Coordinación, organización e dirección.
- Incluír dentro da titulación requirida para o Subgrupo C1, de igual forma que se realiza na proposta de creación na Escala



de BBFF, estar en posesión do carné, autorización ou licencia que sexa necesario para o manexo dos vehículos.

Emenda nº11, ao apartado Sete, de Modificación. Artigo 7

No apartado Sete, número 3 ter, débese facer a seguinte modificación:

Na columna de Funcións onde pon: "... segundo as instrucións dos superiores", debe por: "...baixo a supervisión de superiores".

Emenda nº12, ao apartado Nove, de Adición. Artigo 7

Débese engadir no apartado Nove a creación da seguinte escala.

Denominación: Enxeñaría en Informática

Especialidade: Enxañaría en Informática

Titulación: Licenciatura en Enxeñaría en Informática

Emenda nº13, ao apartado Nove bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo apartado nove bis co seguinte contido:
"Nove bis) Engadirase unha nova escala para integrar aos coidadores da categoría III-99

Denominación: ESCALA AXUDANTES TÉCNICOS EDUCATIVOS

Subgrupo: B ou C1

Funcións: Prestación de servizos complementarios para a asistencia das persoas con necesidades especiais: limpeza e aseo, comedor, colaboración na vixilancia...

- Colaboración na inserción na actividade social e laboral das persoas con necesidades especiais, en orde a propiciar a autonomía persoal das persoas con necesidades especiais.

- Realización de cambios posturais,.

-As recollidas nas sentencias xudiciais de reclasificación

Titulación: Ciclo Superior de Integración Social.

Período transitorio: Bacharelato ou equivalente ou os requisitos esixidos nas listas para a súa contratación ou para os procesos selectivos superados



Emenda nº14, de Adición. Artigo 7 bis

Debese crear un novo artigo 7 bis que quedará redactado do seguinte xeito:

"artigo 7 bis) Modifícase a Disposición adicional novena. Escalas e especialidades dos corpos de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

No punto 1. No corpo facultativo superior existen as seguintes escalas e especialidades, na Escala de facultativos de servizos sociais; especialidade de Psicoloxía; Subgrupo A1, a columna de Titulación queda modificada como segue:

Titulación: Graduado ou Licenciado en Psicoloxía ou graduado nunha titulación equivalente da rama de ciencias da saúde que habilite para o exercicio da profesión de psicólogo/a"

Emenda nº15, de Adición. Artigo 7 ter

Debese crear un novo artigo 7 ter que quedará redactado do seguinte xeito:

7 ter) Modifícase a Disposición adicional novena. Escalas e especialidades dos corpos de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

No apartado 2. No corpo facultativo de grao medio existen as seguintes escalas e especialidades, na Escala de técnicos facultativos de servizos sociais, especialidade de traballo social, subgrupo A2, a Titulación quedará coa seguinte redacción:

Titulación: Diplomado en Traballo Social ou graduado nunha titulación equivalente da rama de ciencias sociais e xurídicas, que habilite para exercer como traballador/a social.

Emenda nº16, ao apartado Un bis), de Adición. Artigo 9

Débase engadir un novo apartado Un bis) co seguinte texto:

"Un bis). Engádesse un novo apartado 4 ao artigo 117, coa seguinte redacción:

4. A Xunta de Galicia publicará no sitio web oficial da Comunidade Autónoma información relativa ao grao de execución orzamentaria, con carácter mensual, e co mesmo





grao de desagregación que o Proxecto de Orzamentos aprobado polo Parlamento de Galicia.

A referida información estará accesible no mes seguinte ao da correspondente execución orzamentaria, e publicárase nun formato que permita a súa reutilización por calquera usuario interesado, sen someterse a ningunha licenza previa ou condición específica."

Emenda nº17, ao apartado Un ter), de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo apartado Un ter) co seguinte texto:

"Un ter. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 52, coa seguinte redacción:

O Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma, así como a documentación que o acompaña, remitirase ao Parlamento de Galicia nun formato que permita a súa reutilización polos Grupos Parlamentarios, sen someterse a ningunha licenza previa ou condición específica."

Emenda nº18, ao apartado Tres.1, de Adición. Artigo 10

No apartado Tres, ao final do subapartado 1, débese engadir, despois de "...catálogos da paisaxe..." o seguinte: "... no prazo dun ano dende a súa declaración".

Emenda nº19, de Adición. Artigo 10 bis.

Débese crear un novo artigo 10 bis) co seguinte contido

"Artigo 10 bis) Modificación da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canón eólico e o fondo de compensación ambiental.

Un. O artigo 5 desta lei queda coa seguinte redacción:

5. A planificación do aproveitamento da enerxía eólica en Galiza realizarase atendendo aos seguintes criterios:

a) Estimación do potencial eólico do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a base dos estudos xa realizados, o Atlas eólico realizado polo IDAE, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e os datos obtidos pola Administración autonómica a través do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).





- b) Infraestrutura eléctrica necesaria para absorber a enerxía producida, planificada de xeito que incida favorablemente na estrutura de distribución eléctrica das áreas afectadas pola explotación dos recursos eólicos.
 - c) Integración con todos os ámbitos sectoriais afectados pola implantación de parques eólicos, con especial referencia á inserción no territorio das instalacións eólicas.
 - d) Impacto medioambiental
 - e) Repercusión sobre o tecido industrial de Galiza e o desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico.
 - f) Desenvolvemento harmónico dos proxectos de implantación de parques eólicos que permita una implantación das infraestruturas eléctricas e industriais.
 - g) Ampliación da superficie declarada actualmente como Rede Natura.
 - h) Zonas de exclusión paisaxísticas determinadas nas Directrices da Paisaxe e os Catálogos da Paisaxe.
 - i) Instrumentos de planificación e desenvolvemento económico e urbanístico locais e comarcais.
2. O resultado desta planificación plasmarase no Plan sectorial."

Dous. Engadirase ao artigo 6.2 da Lei 8/2009, un novo apartado, que queda redactado como segue:

"6.2.1:

- a) Abrirase un procedemento de participación social para a elaboración do Plan. Durante un período mínimo de 6 meses, a Xunta de Galiza establecerá formas de consulta aberta con asociacións, propietarios de montes, veciñanza, colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, e concellos para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador de Plan.
- b) Unha vez elaborado dito borrador, abrirase un novo prazo de 6 meses para que todos os colectivos consultados e a cidadanía en xeral poida presentar alegacións.
- c) O Plan Sectorial Eólico de Galiza fundamentarase nos seguintes principios e obxectivos:
 - i) Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais e que procureo máximo retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.
 - ii). Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo evitando os grandes parques en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos, ou a concentración de múltiples pequenos parques na mesma
 - iii). Nos novos proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que contemplan e





faciliten a participación pública do INEGA no capital dos novos parques

iv). Establecer novas medidas fiscais e extrafiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade modificando o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

d) Mentres non se aprobe o Plan Sectorial Eólico de Galiza estableceranse nun prazo de 2 meses:

i). Zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura necesaria para achegar a porcentaxe de superficie con esta cualificación ás medias europeas. A responsable da proposta destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galiza.

ii). Zonas de exclusión paisaxística. En previsión da aprobación definitiva das Directrices da Paisaxe, a Dirección Xeral de Sustentabilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de 2 meses que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galiza."

Emenda nº20, de Adición. Artigo 10 ter)

Débase crear un novo artigo 10 ter co seguinte contido.

10 ter. Modificación da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canón eólico e o fondo de compensación ambiental.

Modificarase o punto 1 da Disposición transitoria segunda que quedará coa seguinte redacción:

Disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico

1. En tanto non se modifique o Plan Sectorial Eólico de Galiza considéranse Áreas de Desenvolvemento as actuais agás as propostas de exclusión ambientais e paisaxísticas incorporadas na Disposición Adicional Quinta desta Lei."

Emenda nº21, ao apartado e, de Supresión. Artigo 11



Débese suprimir, no artigo 11, o texto do apartado e)

Emenda nº22, de Substitución. Artigo 12

Débese substituír o texto do artigo 12 polo seguinte:

Artigo 12. Modificarase o artigo 42.9 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, quedando redactado como segue:

"42. 9.Os plans xerais deberán de prever unhas reservas de solo para a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública que, como mínimo, comprenderán os terreos necesarios para realizar o 30% da edificabilidade residencial prevista para a ordenación urbanística no solo urbanizable e no solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).2.No suposto do solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).3 non será obrigatorio prever unha reserva para vivenda suxeita a algún réxime de protección"

Emenda nº23, de Adición. Artigo 12 bis

Débese crear un artigo 12 bis que quedará redactado do seguinte xeito:

12 bis. Modificación da Lei 3/2008, de 23 de maio de ordenación da minaría de Galicia.

Modifícase o artigo 12 Lei 3/2008, do 23 de maio de ordenación da minaría de Galicia, quedando coa seguinte redacción:

Os criterios que inspirarán o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia serán os seguintes:

a) Os recursos xeolóxicos deben ser usados de forma eficiente para satisfacer as necesidades da poboación e non os intereses das empresas, sendo a prevención, o control da demanda e o principio de precaución, prioritarios sobre a produción.

b) A participación da sociedade na elaboración, deseño e execución da política mineira debe garantirse plenamente. Os recursos minerais son limitados e son patrimonio natural dos galegos e galegas, e calquera decisión estratéxica sobre eles debe de ser posterior a un profundo exercicio de participación democrática, nomeadamente das comunidades locais.





- c) Deben establecerse zonas de exclusión para as actividades mineiras declarándoas como áreas "non rexistrábeis"
- d) En calquera caso, a extracción de minerais debe ser compatible co respecto escrupuloso ao Medio Ambiente, e ao noso patrimonio cultural e etnográfico, nomeadamente ao Camiño de Santiago, como un dos patrimonios culturais, artísticos e históricos máis valiosos na historia de Galicia, e cos usos actuais do solo que se dan actualmente na economía local.
- e) Prohibir a extracción de minerais metálicos e outros elementos tecnolóxicos polo sistema de minaría a ceo aberto. O uso do cianuro debe prohibirse en todo caso, así coma o emprego de substancias perigosas ou metodoloxías que poidan poñer en risco a saúde ambiental e cidadá se non existen alternativas. A este respecto, as técnicas de "fracking" estarán prohibidas en todo o territorio galego, incluída na plataforma continental.
- f) A racionalización do emprego de recursos naturais.
- g) A promoción da investigación, o desenvolvemento e a innovación nas propiedades e aplicacións dos materiais, así como en nos procesos de produción, tratamento e aproveitamento de subprodutos.
- h) A busca dunha maior vinculación da minaría coa mellora da economía das zonas nas que se sitúen as explotacións e o fomento da creación de emprego.
- i) Todos os xacementos de minerais tecnolóxicos existentes no subsolo de Galicia, incluída a plataforma continental, deben considerarse estratéxicos para o país. A Xunta declarará ou instará á declaración destes xacementos como zonas de reserva, impedindo o seu aproveitamento especulativo por empresas privadas e incorporando sempre a participación pública. Naqueles casos excepcionais nos que se opte pola extracción sexa en beneficio do interese xeral tamén se incorporará a participación pública.
- j) Apoio á implantación de industrias que permitan o peche de todos os ciclos de transformación para a produción existente.

Emenda nº24, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 13

Débase suprimir, no artigo 13, o apartado "Tres"

Emenda nº25, ao apartado Cinco bis), de Adición. Artigo 13





Engadirase un novo apartado co seguinte texto:

"Cinco bis. Eliminaranse os seguintes artigos da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: artigos 13.4, 13.5, 14.2, 15.3, 15.5. a), 16, 40.2, 40.3, 41, 42.2, 43.1.c) e 44.1 e 44.2"

Emenda nº26, ao apartado Cinco ter), de Adición. Artigo 13

Débese crear un apartado Cinco ter co seguinte contido:
"cinco ter). Substituírse o texto do artigo 17 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia, polo seguinte:
17.-As modificacións puntuais indicadas no artigo anterior estarán sometidas á avaliación ambiental extratéxica simplificada, de acordo coa lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental."

Emenda nº27, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 14

Débese substituír o apartado Un do artigo 14 polo seguinte:
Un. Modifícase o número 3 do artigo 136, que queda redactado do seguinte modo:
3. A obriga de reparar o dano non prescribe.
A resolución administrativa que ordene a reparación do dano deberá executarse nun prazo non superior aos 15 anos, sen prexuízo do posible inicio dun novo procedemento administrativo para a reparación do dano. O anteriormente disposto entenderase sen prexuízo da aplicación da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, para a reparación dos danos medioambientais regulados nela"

Emenda nº28, de Adición. Artigo 14 bis

Débese crear un novo artigo 14 bis que quedará redactado do seguinte xeito:
Artigo 14 bis- Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.





Un. Engadirase no punto 2 do artigo 47 da Lei 9/2010 dous novos subapartados:

f) Os usuarios das comunidades veciñais de augas en lugares onde non exista alternativa pública de subministro.

g) Os usuarios de captacións propias naqueles lugares onde non exista alternativa pública de subministro."

Emenda nº29, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir no apartado Un, o texto do terceiro parágrafo que empeza "Co obxectivo...".

Emenda nº30, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 15

Debese modificar no apartado Un, aliña 3, onde di: "... dun prazo de quince días.." Debe por: "... dun prazo de trinta días..."

Emenda nº31, ao apartado Dous.5, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir no apartado Dous, no apartado 5, na aliña 3, do artigo 47 da lei 6/2011 de 13 de outubro de mobilidade de terras, o seguinte texto:

"... atendendo ás súas dispoñibilidades orzamentarias e técnicas..."

Emenda nº32, ao apartado Seis, de Substitución. Artigo 20

Débese substituír o texto do artigo 20, apartado Seis, polo seguinte:

"Seis. Engádesse unha disposición adicional novena coa seguinte redacción:

"Disposición adicional novena.

Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos.

1. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co fin de lograr o obxectivo de interese público, de acadar a gratuidade da atención educativa nelas,





aplicarase unha bonificación do 100% dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor.

A bonificación do 100% das cantidades correspondentes á atención educativa, aplicarase tamén no caso das prazas contratadas pola consellería competente en materia de servizos sociais en escolas infantís de titularidade privada, polo que a administración autonómica asumirá, de acordo co réxime previsto no contrato, o pagamento das cantidades que, no seu caso, correspondan polo indicado concepto á unidade familiar.

Esta medida terá efectos económicos dende o 1 de Xaneiro de 2021 ou dende a data anterior que se determine, atendidas as dispoñibilidades orzamentarias, por resolución da persoa titular da consellería competente en materia de servizos sociais, publicada no Diario Oficial de Galicia, e aplicarase directamente, sen prexuízo da posterior adaptación da normativa sobre prezos en vigor ao disposto nesta disposición. Ata esta data realizarase a aplicación progresiva desta gratuidade, en función da renda das unidades familiares, comezando polas máis baixas.

2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades opten voluntariamente polo establecemento e aplicación, da bonificación do 100%, e así o xustifiquen, serán compensadas pola consellería competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.

No caso de que as entidades locais teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá acadar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100% da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, sendo a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas.





Para os efectos do disposto nesta disposición, respecto das entidades locais que opten pola aplicación da bonificación establecida, entenderase que existen razóns de interese público que permiten fixar a contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por debaixo do límite do custo do servizo.

A medida establecida neste número poderá ter efectos económicos no curso 2020-2021 e ser aplicable directamente, sempre que os órganos competentes das entidades locais acorden o seu establecemento e aplicación, sen prexuízo de que deban proceder á adaptación da súa normativa sobre prezos ou contraprestacións en vigor ao disposto nesta disposición.

Para que sexa aplicable a compensación prevista neste número, as entidades locais deberán acreditar estar ao corrente no pago das liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

3. As bonificacións financeiras e compensacións financeiras establecidas nos números anteriores realizaranse sempre dentro dos créditos dispoñibles en cada exercicio orzamentario.

4. Nas bases reguladoras das subvencións para o mantemento das escolas infantís de 0-3 anos dependentes de entidades privadas de iniciativa social que se aproben pola consellería competente en materia de servizos sociais, establecerase como condición para obter o financiamento a necesidade da aplicación de prezos equivalentes aos derivados do réxime de prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, así como da aplicación, dende a data que se determine nas bases reguladoras, da bonificación do 100% das cantidades correspondentes á atención educativa. Estas entidades serán compensadas de acordo co réxime de financiamento que se dispoña nas indicadas bases reguladoras.

5. A consellería competente en materia de servizos sociais adoptará medidas tendentes a promover e fomentar que as entidades públicas distintas das recollidas nos números anteriores deste artigo, así como as entidades privadas, que sexan titulares de escolas infantís de 0-3 anos, apliquen unha bonificación do 100% da contraprestación pecuniaria que teñan establecida pola atención educativa. Entre tales medidas poderá atoparse o establecemento de subvencións, sendo nestes casos a cargo das entidades a contía da bonificación no que exceda da contía da subvención outorgada pola Administración autonómica.”



Emenda nº33, ao apartado Seis, de Modificación. Artigo 23

No apartado Seis, epígrafe III) "Características establecidas para a asignación desta prestación", subapartado j), débese substituír o texto da taboa polo seguinte:

Capacidade económica (referencia ao iprem) ata %
participación dos/as usuarios/as no custo do servizo

=
200%
0.00%
>
200%
50%
=
300%
90%

Emenda nº34, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 24

Débese substituír no artigo 24, o apartado Dous, polo seguinte:
"Dous. o número 6 do artigo 37 queda redactado como segue:
"6. Unha vez resolta a concesión do tramo persoal e familiar, cando exista a valoración inicial positiva dos servizos sociais comunitarios sobre a posible incorporación ao tramo de inserción e a elaboración dun convenio de inclusión sociolaboral, a que se refire o artigo 24.1, no prazo máximo dun mes o órgano da Administración autonómica que ditou a resolución facilitaralle o acceso á información que precise ao Servizo Público de Emprego de Galicia, para que, en contacto coa persoa interesada, se proceda á elaboración do diagnóstico de empregabilidade e á preparación e sinatura dun convenio de inclusión sociolaboral que posibilite a súa posterior incorporación ao tramo de inserción. En todo caso, en todo caso a resolución que determine o acceso a este tramo ditarase coa sinatura do convenio que se facilitará desde so SS SS comunitarios en coordinación co Servizo Público de emprego de Galicia."

Emenda nº35, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 25





Débase substituír o apartado Un polo seguinte:

“Un. O número 1 do artigo 28 queda coa seguinte redacción:

1.-Para poder acceder ao tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia a persoa que sexa titular da prestación deberá reunir os requisitos xerais de acceso á renda de inclusión social conforme a este decreto, así como as condicións para incorporarse a un itinerario de formación-emprego segundo o informe dos servizos sociais e o diagnóstico de empregabilidade. Será necesario, simultaneamente a sinatura do convenio que se facilitará desde os servizos sociais comunitarios en coordinación co Servizo Público de emprego de Galicia, ditada polo órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial, subscribir un convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade, que deberá reunir os requisitos e características expresados neste decreto, e do que se entregará copia á persoa beneficiaria.”

Emenda nº36, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 32

Débase engadir, no artigo 32 un novo apartado 4 bis co seguinte contido:

"4.bis) Os horarios do servizos serán determinados polos consellos escolares atendendo ás necesidades das propias escolas e non aos intereses das empresas concesionarias."

Emenda nº37, de Modificación. Artigo 33

Débase substituír o texto do artigo 33 polo seguinte, quedando redactado do seguinte xeito:

"Artigo 33. Modificación da Lei 6/2013, do 13 de xuño do Sistema universitario de Galicia.

Engádese un número 4 ao artigo 115 da Lei 6/2013, do 13 de xuño do Sistema universitario de Galicia, coa seguinte redacción:

"4. As universidades públicas e a Consellaría competente en materia de universidades acordarán o novo plan de financiamento antes da finalización do plan vixente."



Emenda nº38, de Adición. Disposición Adicional única bis

Débase engadir unha nova Disposición Adicional única bis co seguinte texto:

Disposición adicional única bis. Inmobles de uso residencial desocupados con carácter permanente

Modificación da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia

Engádesse unha nova disposición adicional décimo segunda, á Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que ficará coa seguinte redacción:

“Disposición adicional décimo segunda. Inmobles de uso residencial desocupados con carácter permanente.

Aos efectos do previsto no art. 72.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, entenderase por inmovle de uso residencial desocupado con carácter permanente as vivendas situadas en núcleos de poboación de mais de 10.000 habitantes, que estando en condicións legais e materiais para poder ser ocupadas con uso residencial privado e non afectas á actividade económica, no momento do devindicación do Imposto de Bens Inmobles, permanezan desocupadas de forma continuada durante un tempo superior a un ano ou a 22 meses, alternos ou continuos, nun período de dous anos, salvo que o suxeito pasivo poida motivadamente xustificar a súa non ocupación, por razóns laborais, de conciliación familiar, de saúde, dependencia, emerxencia social, e de acordo cos requisitos, medios de proba e procedemento que estableza a Ordenanza municipal correspondente. En todo caso, a declaración municipal como vivenda desocupada esixirá a previa audiencia do suxeito pasivo e a acreditación por o Concello de os indicios de desocupación, a regular na Ordenanza, dentro dos cales poderán figurar os relativos aos datos do padrón municipal así como os consumos de servizos (auga, electricidade, etc.).

As Ordenanzas poderán regular a aplicación da recarga correspondente a aquelas vivendas que consten como desocupadas no Censo de Vivendas Baleiras, sempre que, en calquera caso, se cumpran as esixencias e requisitos contidos neste apartado.”

Emenda nº39, de Adición. Disposición adicional única ter)



Débese crear unha nova Disposición adicional única ter co seguinte texto:

" Disposición adicional única ter) A Consellería de Medio Rural elaborará un Mapa de Solos de aptitude agronómica de Galiza que será aprobado, despois dun prazo de exposición pública dun mes, no prazo de un ano dende a entrada en vigor desta lei.

Emenda nº40, de Adición. Disposición adicional única quater

Débese engadir unha Disposición adicional única quater co seguinte contido:

Disposición adicional única quater. Moratoria para permisos de investigación e explotación para a redacción do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza baixo os principios da sustentabilidade.

Establecerase unha moratoria na concesión de permisos de investigación e explotación mineiros ata a redacción e aprobación do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza, despois dun amplo proceso de participación social, que non conte só co sector empresarial mineiro senón coas organizacións agrarias, ecoloxistas, concellos e Parlamento de Galicia."

Emenda nº41, de Adición. Disposición adicional única quinquies

Débese crear unha nova Disposición adicional única quinquies co seguinte contido:

"Disposición Adicional quinquies.

Autorízase á Consellería de Facenda a habilitar crédito axeitado e suficiente no exercicio 2019 e seguintes para atender as obrigas económicas que se deriven da participación da Xunta no consorcio ou entidade pública que poda constituírse para a xestión de terreos portuarios do Porto da Coruña, sen prexuízo da aplicación do previsto na Disposición Adicional Octava da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia."



Emenda nº42, de Adición. Disposición adicional única sexies

Débase crear unha nova Disposición adicional única sexies co seguinte contido:

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXIES. Sociedades urbanísticas de rehabilitación.

1. Os concellos poderán constituír sociedades urbanísticas de xestión ou de rehabilitación para a execución das medidas, accións e intervencións en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana do patrimonio edificado, o que poderán realizar tamén co resto das administracións públicas.

2. A encomenda da xestión correspondente á execución do planeamento pormenorizado para a xestión da rehabilitación de edificios ou rexeneración urbana poderá ser total ou parcialmente adxudicada directamente a estas sociedades urbanísticas de rehabilitación ou xestión sen necesidade de licitación pública ningunha. Esta encomenda conlevará a condición de beneficiaria da expropiación a favor da sociedade urbanística, así como a subrogación desta nas facultades da Administración para a realización das operacións materiais da execución.

3. En todo caso, o concello ostentará a participación maioritaria e exercerá o control efectivo da sociedade urbanística."

Emenda nº43, de Adición. Disposición adicional única septies

Débase engadir unha nova disposición adicional septies co seguinte texto:

Disposición adicional septies.

Dende a entrada en vigor desta disposición adicional non se realizaran novos contratos de colaboración público-privada para a construción ou financiación de calquera escola infantil de 0 a 3 anos.

Emenda nº44, de Adición. Disposición derogatoria única bis

Débase engadir unha nova Disposición derogatoria única bis coa seguinte redacción:

"Disposición derogatoria única bis





Derrogase a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº45, de Adición. Disposición derogatoria única ter

Débese crear unha nova Disposición derogatoria única ter co seguinte contido:

"Disposición derogatoria ter.

Derrógase a Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia"

Emenda nº46, de Adición. Disposición derradeira terceira bis

Débese crear unha nova Disposición derradeira terceira bis co seguinte contido:

Disposición derradeira terceira bis. Aprobación dun texto refundido.

Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para aprobar, no prazo de doce meses a partir da entrada en vigor desta lei, o Texto Refundido no que se integren, debidamente regularizadas, aclaradas e harmonizadas, a Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación de Galicia, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e a Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese."

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 15/11/2019 19:29:16



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/000020).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

Engadir un novo parágrafo ao comezo do artigo, co seguinte teor literal:

"O apartado Dous do artigo 4 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como sigue:

Base liquidábel - Ata euros	Cota íntegra - Euros	Resto base liquidábel - até euros	Tipo aplicábel - (%)
0	0	12.450	9,5
12.450	1.182,75	7.750	11,75
20.200	2.093,38	7.500	14
27.700	3.143,38	7.500	17
35.200	4.418,38	12.400	20
47.600	6.898,38	12.400	21,5
60.000	9.366,87	60.000	24,5
120.000	24.066,87	En diante	25,5

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 2

Substituír o contido do Artigo 3 polo seguinte texto:





"O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Un. A letra b) do número 2 do artigo 6 queda modificada como segue:

"b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 200.000 euros."

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 3

Substituír o contido do Artigo 3 polo seguinte texto:

"Artigo 3. Imposto sobre o patrimonio

O artigo 13 bis do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

"Artigo 13 bis. Cota íntegra

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Base liquidábel ata euros	Cota íntegra euros	Resto base liquidábel até euros	Tipo aplicábel %
0	0	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.337,00	334.246,87	1,0
668.499,75	4.178,10	668.499,76	1,8
1.336.999,51	14.539,86	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	43,285,35	2.673.999,02	3,4
5.437.998,03	116.820,32	5.347.998,03	4,2
10.695.996,06	295.978,25	En diante	5,0





Emenda nº4, de Adición. Artigo 6 bis

Engadir un novo Artigo 6 bis co seguinte texto:

“Artigo 6 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais.
Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m2 dedicados á venda ao por menor, excluídos os establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito impoñíbel vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base impoñíbel do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que contén con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural.”

Emenda nº5, de Adición. Artigo 6 ter

Engadir un novo Artigo 6 ter co seguinte texto:

“Artigo 6 ter. Imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión.

Un. Obxecto do imposto





O Imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.

Dous. Feito imponible

1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galiza pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para o subministro a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito imponible do imposto.

2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministro de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.

Tres. Obrigados/as tributarios/as

1. Son suxeitos pasivos do imposto, en calidade de contribuíntes, quen realicen as actividades que causan o dano medioambiental ou exploten as instalacións que xeren o feito imponible do imposto.

2. Será responsable solidario do pago do imposto o/a propietario/a das instalacións que xeren o feito imponible cando non coincidan con quen as exploten.

Catro. Base imponible e cota tributaria

1. A base imponible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:

Base Imponible	Tipo/euros
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW. e menor de 400 kW.	700 €
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW.	1.150 €





3. No caso de que a instalación ou elementos fixos se atopen en desuso, terase en conta a efecto do cálculo da base imponible coma se a capacidade do tendido eléctrico fóra de 220 kW."

Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo
Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

Emenda nº6, de Adición. Artigo 6 quater

Engadir un novo Artigo 6 quater co seguinte texto:

“Artigo 6 quater. Imposto sobre bebidas con exceso de azucre
Un. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto deste imposto é gravar o consumo de bebidas azucradas envasadas con exceso de azucre, debido aos nocivos efectos que teñen na saúde da poboación.
2. O imposto sobre bebidas azucradas envasadas é exigible en todo o territorio de Galiza.

Dous. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible do imposto a adquisición de bebidas azucradas envasadas, a título gratuito ou oneroso, polo contribuínte, por razón dos efectos que o consumo destas bebidas produce na poboación.
2. Son bebidas azucradas as que conteñen edulcorantes calóricos engadidos como, entre outros, azucre, mel, frutosa, sacarosa, xarope de millo, xarope de pradairo, néctar ou xarope de agave e xarope de arroz.
3. Están suxeitas ao imposto as seguintes tipoloxías de bebidas azucradas, sempre que conteñan 5 ou máis gramos de azucre por cada 100 mililitros:
 - a) Os refrescos ou sodas: bebidas sen alcohol de distintos sabores, con ou sen gas, preparadas comercialmente e que se venden en botellas ou latas, así como as que se subministran ao consumidor mediante un surtidor.
 - b) As bebidas de néctar de froitas e zumes de froitas.
 - c) As bebidas deportivas: bebidas deseñadas para axudar aos atletas na rehidratación, así como na reposición dos electrólitos, o azucre e outros nutrientes.
 - d) As bebidas de té e café.
 - e) As bebidas enerxéticas: bebidas carbonatadas que conteñen grandes cantidades de cafeína, azucre e outros ingredientes, como vitaminas, aminoácidos e estimulantes a base de herbas.





f) Leites adoçadas, bebidas alternativas do leite, batidos e bebidas de leite con zume de froita.

g) Bebidas vexetais.

h) Augas con sabores.

4. Non están suxeitos ao imposto as bebidas elaboradas a partir de zumes de froita ou de verdura naturais, concentrados ou reconstituídos, ou a súa combinación, nin tampouco leites ou alternativas dos leites, que non conteñan edulcorantes calóricos engadidos. Tamén están excluídos os iogures bebibles, os leites fermentados bebibles, os produtos para uso médico e as bebidas alcohólicas.

Tres. Contribuínte

1. É suxeito pasivo, en calidade de contribuínte, a persoa física ou xurídica que proporciona a bebida azucrada envasada ao consumidor final do produto.

2. O contribuínte está obrigado a repercutir o imposto ao consumidor final da bebida.

3. Como suxeito pasivo, corresponde ao contribuínte cumprir a obrigaón tributaria principal e as obrigaóns formais inherentes á mesma, nos termos que se establezan por regulamento.

4. É suxeito pasivo, en calidade de substituto do contribuínte, o distribuidor residente en territorio español que fornece as bebidas azucradas envasadas ao establecemento que as pon a disposición do consumidor. Se quen fornece as bebidas e o establecemento que as pon a disposición do consumidor son a mesma persoa, enténdese que a súa relación coa Administración tributaria é a título de contribuínte e non de substituto do contribuínte, e élle aplicable o que establece o punto 3.

5. Deben establecerse por regulamento as obrigaóns formais que terá que cumprir o substituto do contribuínte.

Catro. Base imponible e tipo de gravame

1. Constitúe a base imponible do imposto a cantidade en litros de bebida azucrada envasada entregada polo distribuidor e adquirida polo contribuínte.

2. O tipo de gravame do imposto é o seguinte:

a) 0,07 euros por litro para bebidas cun contido de azucre entre 5 e 8 gramos por 100 mililitros.

b) 0,12 euros por litro para bebidas cun contido de azucre superior a 8 gramos por 100 mililitros.

No caso de preparados solubles e xaropes concentrados preparados para diluír, o tipo aplícase á bebida en base á súa composición unha vez está reconstituída e preparada para o seu consumo.

Cinco. Devindicación





1. O imposto devindícase no momento da adquisición da bebida azucrada envasada, no territorio de aplicación do tributo, por parte do contribuínte ao distribuidor.

2. No caso do substituto do contribuínte, o imposto devindícase no momento no que o contribuínte pon a bebida a disposición do consumo.

Seis. Autoliquidación

1. O substituto do contribuínte, ou, se procede, o contribuínte, están obrigados a presentar a autoliquidación do imposto e a efectuar o correspondente ingreso dentro do prazo que se estableza por regulamento.

2. O modelo de autoliquidación debe aprobarse por orde do/a conselleiro/a do departamento competente en materia tributaria.

Sete. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.

Emenda nº7, de Supresión. Artigo 6 quinquies

Engadir un novo Artigo 6 quinquies co seguinte texto:

“Artigo 6 quinquies. Imposto sobre as vivendas baleiras.

Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación

1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galiza, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de forma permanente.

2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galiza.

Dous. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación

permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.

Tres. Definicións

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:

a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmovible en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, si ten acreditado o cumprimento





das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de aportar ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.

b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.

Catro. Ocupación da vivenda

Acredítase que unha vivenda está ocupada si o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e xustifícase documentalmente por calquera medio de proba admisible en dereito.

Cinco. Cómputo do período de dous anos

1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está a disposición do propietario para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular de a vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe disponibilidad para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.

3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.

Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten a ver coa súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente.

Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras iniciáronse durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se previu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o





suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.

d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario téñao documentalmente acreditado.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Sete. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos.

Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Non obstante o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta tributación regúlanse por vía regulamentaria.

Oito. Exencións

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:

a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.

b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.

c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas en aluguer social de vivenda.

d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais,





sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, e se teñen satisfeito os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declararon os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

Nove. Base imponible

1. Constitúe a base imponible do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de deño do imposto, reducida en 160 metro cadrados en concepto de mínimo exento.

2. Si se optou por a tributación consolidada, a base imponible está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas en o grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida en o número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.

Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

Emenda nº8, ao apartado e), de Supresión. Artigo 11

Suprimir a letra e) do Artigo 11.

Emenda nº9, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 12

Suprimir o apartado Un do Artigo 12.

Emenda nº10, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 12

Suprimir o apartado Dous do Artigo 12.



Emenda nº11, ao apartado Oito, de Supresión. Artigo 12

Suprimir o apartado Oito do Artigo 12.

Emenda nº12, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 22

No apartado 2 do Artigo 22 suprimir o seguinte texto do terceiro parágrafo:

“Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda”.

Emenda nº13, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 22

Substituír no no apartado 2 do Artigo 22: “obrigatoriamente”, por: “preferentemente”.

Emenda nº14, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 22

No apartado 3 do Artigo 22 suprimir o seguinte texto do segundo parágrafo:

“Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda”.

Emenda nº15, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 22

Substituír no apartado 3 do Artigo 22 a expresión: “deberá presentarse electronicamente”, por: “presentarase preferentemente por medios electrónicos”.



Emenda nº16, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 22

Substituír no apartado 5 do Artigo 22 o seguinte: “As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos”, por: “As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse polo mesmo medio polo que foi presentada a solicitude”.

Emenda nº17, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 22

Suprimir o apartado 6 do Artigo 22.

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 33

Suprimir o inciso final do artigo 33: “sempre que así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias da Administración autonómica”.

Emenda nº19, de Adición. Disposición adicional única bis

Engádesse unha nova Disposición adicional, que pasaría a ser a segunda, co seguinte texto:

"Disposición adicional segunda. Creación de comisión para a implantación dunha taxa ou imposto que grave a prestación de servizos de comunicacións electrónicas
Nun prazo máximo de tres meses crearase unha comisión xurídica que desenvolverá a implantación dunha taxa ou imposto que grave a prestación de servizos de comunicacións electrónicas cuxo contido sexa acorde ao establecido na SENTENZA 94/2017, de 6 de xullo ditada polo tribunal Constitucional."

Asinado dixitalmente por:





Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2019 13:26:29



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO GRUPO
MIXTO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/000020).**

Emenda nº1, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 2
Débese suprimir o apartado Un.

Emenda nº2, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 2
Débese suprimir o apartado Dous.

Emenda nº3, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 2
Débese suprimir o apartado Tres.

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 3

Débese substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Engádense un número 7 no artigo 14 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

"Sete. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivendas nas parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles de uso vivenda destinada a vivenda habitual, que se atopen nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais ás que se refire o número sete do artigo 16, e ademais se cumpren os requisitos establecidos no número Dous do presente artigo, será do 5 %."



Emenda nº5, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 3.bis). Imposto sobre Patrimonio.
Derrógase o artigo 3 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de
medidas fiscais e administrativas."

Emenda nº6, ao apartado Dezaeito, de Substitución. Artigo 4

Débese substituír o texto do apartado polo seguinte:

"Dezaeito. Modifícase a sublínea 1 da alínea 77 do anexo 3,
que queda redactada como segue:

«Tramitación de expedientes de solicitude de participación en
concursos mineiros.

- a) Permiso de investigación sección C) e D)
- de 1 a 15 cuadrículas mineiras.....3470,15 €
- de 16 a 150 cuadrículas mineiras.....12050,38 €
- de 151 a 300 cuadrículas mineiras...28360,01 €
b) Concesión de explotación directa sección C) e D)
- de 1 a 15 cuadrículas mineiras.....3470,15 €
- de 16 a 50 cuadrículas mineiras.....6330,23 €
- de 51 a 100 cuadrículas mineiras.....11190,56 €»"
-

Emenda nº7, ao apartado Un.1, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir o apartado Un.1.

Emenda nº8, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir o apartado Tres.

Emenda nº9, ao apartado Catro, de Adición. Artigo 7



Débese engadir a continuación de: "Titulación licenciado ou graduado nunha titulación de calquera rama." o seguinte texto:
"Terán preferencia aquelas persoas con titulación específica na área de protocolo e relacións institucionais, acreditada mediante cursos universitarios, ou con validez acreditada en todo o territorio estatal."

Emenda nº10, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 7

Débese engadir a continuación de: "título de bacharel ou técnico" o seguinte texto:

“, especialidade educación e control ambiental, aproveitamento e conservación do medio natural, paisaxismo e medio rural, xestión forestal e do medio natural, e outras relacionadas co medio natural ou titulacións técnicas relacionadas co uso e protección da auga."

Emenda nº11, ao apartado Sete, de Adición. Artigo 7

Débese engadir no apartado de "Titulación da Escala de persoal subalterno", despois de "Non se esixe" o seguinte texto:

"Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, ou competencias acreditadas a través da experiencia profesional."

Emenda nº12, ao apartado Sete, de Adición. Artigo 7

Débese engadir no apartado de "Titulación da Escala de persoal de limpeza", despois de "Non se esixe" o seguinte texto:

“, acreditarase un mínimo de experiencia profesional."

Emenda nº13, ao apartado Sete, de Adición. Artigo 7



Débese engadir no apartado de "Titulación da Escala de recursos naturais e forestais", despois de "Non se esixe" o seguinte texto:

"Acreditarase experiencia profesional e/ou carné de aplicación de produtos fitosanitarios e relacionada co uso da maquinaria, así como a súa conservación e formación en prevención de riscos laborais ou equivalente."

Emenda nº14, ao apartado Oito, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir o apartado Oito.

Emenda nº15, ao apartado Dez, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir o apartado Dez.

Emenda nº16, ao apartado Doce, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: especialidade "educadores" debe dicir: "Educación social"

Emenda nº17, ao apartado Doce, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "titulación (...)" debe dicir: "titulación: licenciatura, diplomatura e/ou Grao en Educación social."

Emenda nº18, ao apartado Quince, de Adición. Artigo 7

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: titulación "técnico superior en interpretación da lingua de signos" debe engadirse o seguinte texto: ", Grao en interpretación da lingua de signos e comunicación de persoas xordas."



Emenda nº19, ao apartado Dezaseis, de Substitución. Artigo 7

Na escala técnica do servizo de prevención e defensa contra incendios, onde di titulación (...) debe dicir:

"titulación: Non se esixe. Aos efectos de promoción terán maior puntuación as persoas que acrediten unha titulación técnica superior en xestión forestal e do medio natural ou equivalente, acreditación profesional, ou equivalente e carné, autorización ou licenza necesaria para o manexo de vehículos."

Emenda nº20, ao apartado Dezasete, de Adición. Artigo 7

Débase engadir na Titulación da "Escala técnica de recursos naturais e forestais" o seguinte texto:

"título de técnico en educación e control ambiental, título de aproveitamento e conservación do medio natural, titulación de paisaxismo e medio rural, titulación de xestión forestal e do medio natural e outras análogas relacionadas co medio natural."

Emenda nº21, ao apartado Dezasete, de Substitución. Artigo 7

Débase substituír na Titulación da "Escala técnica de Cociña" o seguinte texto:

Onde di: " Título de Técnico na Rama de Hostalería" debe dicir: "Titulación: Non se esixe. Aos efectos de promoción terán maior puntuación as persoas que acrediten unha titulación técnica na rama de hostalería, ou acrediten a experiencia profesional."

Emenda nº22, ao apartado Dezasete, de Substitución. Artigo 7

Débase substituír na Titulación da "Escala técnica de Condución" o seguinte texto:

Onde di: "Título de Bacharel ou equivalente e carné, autorización ou licenza que sexa necesario para o manexo dos vehículos" debe dicir: "Título de ensinanza secundaria



obligatoria e deberase acreditar a licencia, carné ou autorización para o manexo de vehículos.”

Emenda nº23, ao apartado Dezasete, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír na Titulación da "Escala Técnica de Análises de Laboratorio" o seguinte texto:

Onde di: “Título de Técnico da rama de Sanidade, de Química ou Marítimo-Pesqueira”, debe engadirse: ", axudantes, ou ben persoas que acrediten experiencia profesional.”

Emenda nº24, ao apartado Dezasete, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír na Titulación da "Escala Técnica de arquivos, bibliotecas e museos" o seguinte texto:

Onde di: “Título de bacharel ou técnico”, debe dicir: "Titulación de bacharel, técnico en arquivística, bibliotecomanía e museos.”

Emenda nº25, ao apartado Dezasete, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír na Titulación da "Escala Técnica operativa do SPDCIF" o seguinte texto:

Onde di: “Título de bacharel ou técnico e carné, autorización ou licencia que sexa necesario para o manexo dos vehículos.”, debe dicir: "Título de graduado en educación secundaria obrigatoria e carné, autorización ou licencia necesaria para o manexo de vehículos.”

Emenda nº26, ao apartado Dezaioito, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír na Titulación da "Escala auxiliar de coidadores" o seguinte texto:

Onde di: “Titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala.”, debe dicir: "Gradación en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente, cursos de profesionalización e outros habilitantes, e/ou acreditación profesional do traballo.”



Emenda nº27, ao apartado Dezaeito, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír na Titulación da "Escala auxiliar de cociña" o seguinte texto:

Onde di: "Titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala." , debe dicir: "Gradación en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente, cursos de profesionalización e outros habilitantes, e/ou acreditación profesional do traballo."

Emenda nº28, ao apartado Dezaeito, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír na Titulación da "Escala auxiliar de mantemento" o seguinte texto:

Onde di: "Titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala." , debe dicir: "Gradación en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente, cursos de profesionalización e outros habilitantes, e/ou acreditación profesional do traballo."

Emenda nº29, ao apartado Dezaeito, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír na Titulación da "Escala auxiliar de laboratorio" o seguinte texto:

Onde di: "Titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala." , debe dicir: "Gradación en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente, cursos de profesionalización e outros habilitantes, e/ou acreditación profesional do traballo."

Emenda nº30, ao apartado Dezaeito, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír na Titulación da "Escala auxiliar de condución" o seguinte texto:

Onde di: "Titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala, autorización ou licenzia que sexa necesario para o manexo dos vehículos." , debe dicir:



"Carné, autorización ou licencia necesaria para o manexo de vehículos."

Emenda nº31, ao apartado Dezaioito, de Substitución. Artigo 7

Débase substituír na Titulación da "Escala auxiliar de recursos naturais e forestais" o seguinte texto:

Onde di: "Títulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala e carné, autorización ou licencia que sexa necesario para o manexo dos vehículos, embarcacións e maquinaria", debe dicir: "Carné, autorización ou licencia que sexa necesaria para o manexo dos vehículos, embarcacións e maquinaria."

Emenda nº32, ao apartado Un..2.d), de Adición. Artigo 9

Débase engadir unha nova letra no apartado Un.2 coa seguinte redacción:

"d) conta dos entes pertencentes ao sector sociedades non financeiras e financeiras participadas maioritariamente directa ou indirectamente pola Xunta de Galicia e conta dos fondos carentes de personalidade xurídica, existentes na data de elaboración dos orzamentos."

Emenda nº33, ao apartado Dous.1.d), de Modificación. Artigo 9

Débase substituír o texto do apartado Dous.1.d) polo seguinte:

"d) Conta Xeral de Tesourería e operacións realizadas durante todo o exercicio."

Emenda nº34, ao apartado Dous.1.e), de Modificación. Artigo 9

Débase substituír o texto do apartado Dous.1.e) polo seguinte:

"e) Conta Xeral de endebedamento público."





Emenda nº35, ao apartado Un, de Substitución. Artigo 10

Débase substituír o texto do número 4 do artigo 8 polo seguinte:

"4. Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas."

Emenda nº36, ao apartado Tres.1, de Substitución. Artigo 10

Débase substituír o texto do apartado Tres.1 polo seguinte:

"1. A consellería competente en materia de paisaxe elaborará plans de acción para a protección, xestión e ordenación da paisaxe naqueles territorios declarados como espazos naturais protexidos segundo o disposto na normativa galega vixente en materia de patrimonio natural, así como nas áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) identificadas nos catálogos da paisaxe.

Tamén poderán elaborarse plans de accións da paisaxe noutras zonas que, como consecuencia dos seus especiais valores paisaxísticos ou do seu estado de deterioración, precisen medidas de intervención e protección.

En todos os casos, o proceso irá precedido dun trámite de participación das persoas que residan e vivan nel, así como a colaboración e consulta previa a todos os sectores aos que vai afectar, e con especial explicación ás persoas residentes e/ou habitantes. Os contidos dos instrumentos así aprobados procurarán en todo caso conxugar o respecto ao patrimonio natural así como ao estilo de vida agrario e gandeiro tradicional que conformaron historicamente estes espazos."

Emenda nº37, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o apartado Un.

Emenda nº38, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o apartado Dous.



Emenda nº39, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o apartado Tres.

Emenda nº40, ao apartado Catro, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o apartado Catro.

Emenda nº41, ao apartado Sete.a), de Adición. Artigo 12

Débese engadir ao remate do segundo parágrafo do apartado Sete.a) o seguinte texto:

"O concello, en colaboración interadministrativa, solicitará os informes sectoriais preceptivos, conforme á normativa vixente. A tal fin obterá a colaboración de medios persoais e materiais doutras administracións."

Emenda nº42, ao apartado Oito, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o apartado Oito.

Emenda nº43, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o apartado Un.

Emenda nº44, ao apartado Tres.a), de Adición. Artigo 13

Débese engadir ao remate do apartado Tres.a) o seguinte texto:

"Despois do estudo correspondente naqueles edificios que sexa posible, posibilitarase a accesibilidade, inda que se supere o número máximo de 3 edificios."



Emenda nº45, ao apartado Un, de Adición. Artigo 15

Débese engadir ao remate do apartado Un, o seguinte texto:

"Non contratará a través destes obradoiros duais de emprego a persoas que xa traballasen anteriormente na realización de traballos preventivos e de defensa contra incendios, sen prexuízo da súa contratación a través doutras fórmulas."

Emenda nº46, ao apartado Dous.2, de Adición. Artigo 16

Debe engadir ao remate do apartado Dous.2 o seguinte texto:

"e gandeira, así como todas aquelas actividades vencelladas a estas que xeren economía circular e que permitan un desenvolvemento da economía rural sostible en termos medioambientais."

Emenda nº47, ao apartado Dous.4.b), de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir o apartado Dous.4.b)

Emenda nº48, ao apartado Dous.7, de Adición. Artigo 16

Débese engadir ao remate do apartado Dous.7. o seguinte texto:

"Os obradoiros duais de emprego non servirán en ningún caso para obter man de obra barata ao servizo dos operadores económicos, e a administración garantirá a realización destes obradoiros e a súa prolongación como contratacións posteriores ao remate destes."

Emenda nº49, ao apartado Un.b, de Adición. Artigo 17

Débese engadir ao remate do apartado Un.b) o seguinte texto:





"regulamentariamente, establecerase os prezos mínimos e máximos segundo o previsto nesta lei."

Emenda nº50, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 17

Débese engadir ao remate do apartado Dous o seguinte texto:
"ou aquel outro que se escolla de entre os réximes permitido pola lexislación laboral vixente."

Emenda nº51, ao apartado Tres.3, de Adición. Artigo 17

Débese engadir ao remate do apartado Tres.3 o seguinte texto:
"En todo caso garantirase o servizo de taxi, con autorización de ata nove prazas, a aquelas zonas con características xeográficas especiais, de poboación ou de feble tráfico."

Emenda nº52, ao apartado Un.1, de Supresión. Artigo 20

Débese suprimir no apartado Un.1. o seguinte texto:
"Tamén serán responsables as persoas físicas que asuman, naquelas persoas xurídicas ou nos centros, programas ou servizos sociais delas dependentes, as funcións de representación, administración, xerencia ou dirección cando interveñan, coa súa actuación, na comisión da infracción a título de dolo ou culpa."

Emenda nº53, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 20

Débese suprimir no apartado Dous o seguinte texto:
"A inhabilitación poderá referirse ás persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares ou xestoras dos centros, programas ou servizos sociais, e ás persoas físicas que asuman, naquelas persoas xurídicas ou nos centros, programas ou servizos sociais delas dependentes, as funcións de representación, administración, xerencia ou dirección.»"



Emenda nº54, ao apartado Tres.2, de Supresión. Artigo 20

Débase suprimir o apartado Tres.2

Emenda nº55, ao apartado Cinco.1, de Supresión. Artigo 20

Débase suprimir o apartado Cinco.1

Emenda nº56, ao apartado Seis.1, de Adición. Artigo 20

Débase engadir ao remate do segundo parágrafo do apartado Seis.1 o seguinte texto:

“ Progresivamente e a partir do ano 2020 farase a bonificación sobre todas as crianzas tanto nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar como daquelas de titularidade municipal ata acadar a gratuidade da educación infantil de 0-3 anos, que terá que estar completada no ano 2021, co despregamento dunha rede pública.”

Emenda nº57, ao apartado Un, de Adición. Artigo 21

Débase engadir ao remate do apartado Un o seguinte texto:

“ En todo caso, de non existir acceso ao servizo público, coa comunicación por parte da persoa beneficiaria, iniciárase de oficio a modificación do PIA, a efectos da obtención da libranza vinculada ao servizo.

Garantírase unha resposta por parte da administración do procedemento de recoñecemento do PIA no prazo máximo de tres meses.”

Emenda nº58, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 21

Débase suprimir o texto do segundo parágrafo do apartado Dous.



Emenda nº59, ao apartado Dous.1, de Adición. Artigo 21

Débese engadir ao remate do primeiro parágrafo do punto 1 do apartado Dous, o seguinte texto:

"En todo caso, para a atención as persoas con diversidade funcional maiores de 21 anos apostarase por recursos especializados e prazas públicas en CAPD, e outras como asistente persoal."

Emenda nº60, ao apartado Tres.1, de Substitución. Artigo 23

Débese substituír o texto do apartado Tres.1 polo seguinte:

"1.O sistema de bonificación sobre o custo de referencia do servizo establecido nesta norma, aplicarase aos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, a modalidade regular do servizo de transporte adaptado e asistido, aos servizos de teleasistencia básica e avanzada e á carteira do servizo de asistente persoal, agás os servizos de respiro familiar, salvo casos específicos nos que se poida establecer esta bonificación atendendo ao caso concreto."

Emenda nº61, ao apartado Seis, de Substitución. Artigo 23

Débense substituír as porcentaxes que aparecen no derradeiro cadro do apartado Seis.

Debe dicir: " % participación das usuarias no custo do servizo

ata < 100%	--	0,00%
ata 150%	--	25%
>150% ?	--	50% "

Emenda nº62, ao apartado Un.3, de Modificación. Artigo 24

No apartado Un.3 débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "25%" deberá dicir: "75%"



Emenda nº63, ao apartado Un.1, de Modificación. Artigo 25

Débese suprimir no apartado Un.1 a seguinte expresión:
"Será necesario,"

Emenda nº64, ao apartado Dous.4, de Modificación. Artigo 25

No apartado Dous.4 débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "25% do IPREM" deberá dicir: "75% do IPREM"

Emenda nº65, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 28

Débese substituír a seguinte expresión no apartado Tres:
Onde di: "Engádese un número 42 do artigo 82 coa seguinte redacción:"
Debe dicir: "Engádese un numero 15 do artigo 81 coa seguinte redacción:"

Emenda nº66, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 28

Débese substituír no apartado tres ao comezo do artigo o seguinte texto:
Onde di: «42. O incumprimento polas empresas ...»
Debe dicir: "15. O incumprimento polas empresas..."

Emenda nº67, de Substitución. Artigo 31

Débese substituír o texto do punto c) polo seguinte:

«c) A publicidade ou os carteis en tramos non urbanos que excedan da finalidade meramente indicativa para a localización de servizos ou establecementos. En tramos urbanos, a súa regulación corresponde ao respectivo concello.»



Emenda nº68, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 32

Débese substituir o número do seguinte parágrafo:

Onde di: "3. A prolongación...."

Debe dicir: "4. A prolongación..."

Emenda nº69, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 32

Débese substituír o número do seguinte parágrafo:

Onde di: "4. En particular,..."

Debe dicir: "5. En particular, ..."

Emenda nº70, ao apartado 6, de Adición. Artigo 32

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"6. A consellería competente en materia de educación manterá reunións coas ANPAS, sindicatos e sector de transporte na elaboración dos servizos de transporte escolar a fin de detectar as necesidades."

Emenda nº71, ao apartado 5, de Adición. Artigo 33

Débese engadir do punto, o seguinte texto:

"A Xunta de Galicia negociará, en todo caso, ao longo do ano 2020, un novo plan de financiamento do SUG coas universidades a través do Consello Galego de Universidades."

Emenda nº72, de Supresión. Artigo 34

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº73, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 36



Débese engadir ao remate do parágrafo do apartado Tres a seguinte expresión:
", especialmente contra a violencia no deporte e as conductas machistas, integrando unha visión de xénero transversal."

Emenda nº74, ao apartado Catro, de Supresión. Artigo 36

Débese suprimir o apartado Catro.

Emenda nº75, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 36

Débese suprimir o apartado Seis.

Emenda nº76, ao apartado 2, de Modificación. Disposición adicional única

Débese substituír no punto 2 a seguinte expresión:
Onde di: "12"
Deberá dicir: "2"

Emenda nº77, ao apartado bis), de Adición. Disposición adicional única

Débese engadir unha nova disposición adicional seguinte coa seguinte redacción:
"Disposición adicional única bis)
Deberá deixarse sen efecto o disposto na resolución de 10 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de traballo e economía social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no DOG do acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CIG e CCOO, relativo ao persoal do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia do réxime de vacacións, permisos e licencias do persoal funcionario e polo que se aplica a persoal o réxime de vacacións, permisos e licencias establecido para o persoal funcionario no texto do Decreto legislativo 1/2008, no que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia e na Resolución de 12 de marzo de 2013, da Dirección Xeral da





Función Pública pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licencia, ou previa negociación, en normas posteriores que as substitúan e que deixou sen efecto o disposto no artigo 19 a 23 do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia sobre o réxime de vacacións, permisos e licencias.

O disposto nesta disposición terá efectos inmediatos ao día seguinte da súa aprobación e publicación no Diario Oficial de Galicia."

Emenda nº78, ao apartado 1.c), de Adición. Disposición derogatoria única


Débese engadir un novo apartado na Disposición derogatoria única, coa seguinte redacción:

"c) A Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público de Galicia."

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/11/2019 13:35:50





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG4zFyu7lmw7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

